



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 27 de marzo de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e cincuenta minutos do día vinte e sete de marzo de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario do Pleno, Sr. Riesgo Boluda, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(296).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(297).- PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NO PROXECTO "SENIORS_FRIENDLY_GNP" A PRESENTAR POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA Á SEGUNDA CONVOCATORIA DE PROXECTOS PROGRAMA DE COOPERACIÓN INTERREG V A ESPAÑA - PORTUGAL (POCTEP). EXPTE. 151944/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23/03/18, dáse conta do informe-proposta do 21/03/18, do xefe de área de Benestar Social, conformado pola concelleira-delegada de Política Social, que di o seguinte:

I.- Antecedentes:

Dende a Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra, damos traslado dunha proposta de colaboración para presentar un proxecto á segunda convocatoria para a presentación de proxectos programa de cooperación INTERREG V A ESPAÑA –PORTUGAL (POCTEP) 2014/2020.

Esta convocatoria para a presentación de proxectos ten por obxecto promover a participación en accións de cooperación transfronteiriza no marco do POCTEP, establecendo as condicións e as bases para a obtención de axudas do FEDER en réxime de concorrencia competitiva.

Todos os proxectos financiados polo Programa deberán demostrar un forte compoñente transfronteirizo, tanto na súa concepción como no seu desenvolvemento, cun claro enfoque a resultados. Isto significa que todos os membros do partenariado deben traballar xuntos no desenvolvemento, avaliación e transferencia dos resultados.

As axudas contidas na presente convocatoria serán de aplicación nas zonas fronteirizas elixibles sinaladas no Programa, a nivel NUT III, e está organizado en cinco Áreas de Cooperación de carácter territorial nas que se clasifican as NUT III anteriores: Galicia / Norte de Portugal

Todos os proxectos haberán de estar liderados por un Beneficiario Principal, o cal será responsable financeira e xuridicamente da globalidade do proxecto, asegurando a correcta xestión do mesmo ante a Autoridade de Xestión, así como ante o resto de estruturas de xestión e control do Programa.

II.- Características do proxecto:

Nesta liña, desde a Deputación de Pontevedra, preséntannos un proxecto denominado “SENIORS_FRIENDLY” pretende preparar ás cidades da Euro-rexión Galicia-Norte de Portugal para a aplicación do concepto “Cidades Amigables coas persoas maiores”, desenvolto pola Organización Mundial da Saúde, ás respectivas políticas urbanísticas e de desenvolvemento sustentable.

Para alcanzar esta visión o proxecto pretende responder aos seguintes obxectivos específicos:

- Incluir o concepto de “envelhecimento activo” nas políticas de desenvolvemento das cidades facéndoas amigas dos maiores;
- Involucrar ás persoas maiores nos procesos evolutivos e de desenvolvemento das súas cidades, asegurando a inclusión da súa perspectiva e necesidades na construción do seu futuro;
- Sensibilizar a poboación en xeral (e a urbana en particular) así como os decisores políticos para a importancia do envelhecimento activo e a participación activa dos maiores no desenvolvemento das cidades facéndoas mais sensibles ás súas necesidades particulares.

-

O proxecto presenta como principais resultados esperados tanto a integración de intereses e actividades dos axentes públicos e outras entidades con competencias en área do apoio á



Concello de Vigo

poboación maior da euro-rexión con vista á mellora da calidade e condicións de vida desta franxa poboacional como a posta en valor e difusión de prácticas e políticas innovadoras de apoio aos séniors do espazo de cooperación.

Deste xeito, a implementación do proxecto debe dar lugar a:

- A mellora da calidade de vida dos habitantes da Eurorrexión, especialmente aqueles con máis de 65 anos;
- A mellora e facilidade de acceso da poboación maior a servizos e valencias innovadoras e adecuadas ao o seu perfil de actividade (social, cultural, intelectual e física);
- A redución de custos de contexto asociados á fronteira na área da saúde e do envellecemento activo;
- O establecemento de mecanismos de concertación entre os organismos públicos neses mesmos ámbitos de actuación en ambos os lados da fronteira;
- A achega para a definición e o establecemento dun modelo de gobernanza transfronteiriza en materia de envellecemento activo e urbanismo “amigo das persoas maiores da eurorrexión”.

III.- Descrición técnica do proxecto:

TÍTULO DEL PROYECTO			
<i>Red de Ciudades e Municipios Transfronterizos GNP “Amigos de los mayores”</i>			
ÁREA DE COOPERACIÓN			
Galicia Norte de Portugal			
EJE			
4. Mejora de la capacidad institucional y la eficiencia de la administración pública a través de la cooperación transfronteriza			
OBJETIVO TEMÁTICO			
11. Mejorar la capacidad institucional			
PRIORIDAD DE INVERSIÓN			
11.B Promoción de la cooperación jurídica y administrativa, así como la cooperación entre ciudadanos e instituciones (CTE-CB).			
OBJETIVO ESPECÍFICO			
Afianzar procesos de acercamiento y cooperación entre los distintos agentes que operan en el territorio			
CATEGORÍAS DE INTERVENCIÓN			
112. Facilitar el acceso a servicios asequibles, sostenibles y de calidad, incluidos los servicios sanitarios y sociales de interés general (70% del presupuesto del proyecto) 119. Invertir en capacidad institucional y en eficiencia de las administraciones y servicios públicos a escala nacional, regional y local para introducir reformas y mejoras en la reglamentación y la gobernanza (30% del presupuesto del proyecto)			
FECHA INICIO	01/01/2019	FECHA FIN	31/12/2021

IV.- PLAN DE TRABAJO DO PROXECTO:
DESCRIPCIÓN ACTIVIDADES:

4.1.1. RESUMEN DE ACTIVIDADES								
	DENOMINACIÓN BENEFICIARIO	A0 - G Preparación	A1	A2	A3	A4	A5 - Gestión y Coordinación	A6 - Comunicación
BP	Deputación de Pontevedra	X	X	X	X		X	X
B2	CIM do Alto Minho	X	X	X	X		X	X
B3	Concello de Vigo	X	X	X	X		X	X
B4	Concello de Pontevedra	X	X	X	X		X	X
B5	Concello de Vila Garcia de Arousa		X	X	X			
B6	Municipio de Viana do Castelo	X	X	X	X		X	X
B7	Escola Superior Gallaecia - Arquitectura e Urbanismo	X	X	X			X	X
B8	Colexio oficial de Arquitectos de Galicia	X	X	X			X	X

ACTIVIDADE 1. RECREAR AS CIDADES PARA MELLORAR A CALIDADE DE VIDA DAS PERSOAS MAIORES

A primeira actividade do proxecto corresponde á etapa de definición estratéxica tanto para a transferencia e aplicación do concepto de “Cidades Amigables das Persoas Maiores” establecido por OMS ás cidades da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal como para a adaptación da experiencia da “Rede Mundial de Cidades Amigables das Persoas Maiores” á cooperación transfronteriza entre esas mesmas cidades.

Neste contexto, as accións a desenvolver terán como principal obxectivo establecer os mecanismos e instrumentos de apoio ás cidades de Galicia e do Norte de Portugal nos retos que afrontan debido á modificación da estrutura social e do concepto de benestar colectivo derivado da modificación da pirámide etaria das súas comunidades.

Trátase de capitalizar e adoptar as boas practicas internacionais en materia de promoción da calidade de vida dos maiores a través dun adecuado plan urbanístico das súas cidades ao mesmo tempo que se capacita ás cidades da eurorregion para integrar a Rede Mundial como exemplos punteiros neste ámbito.

ACTIVIDADE 2.- CIDADES INTELIXENTES NA OFERTA DE SOLUCIÓNS INNOVADORAS NO APOIO ÁS PERSOAS MAIORES

A inclusión do concepto de envellecemento activo nas políticas municipais e a transformación das cidades en “Cidades Amigables das Persoas Maiores” de acordo cos criterios da OMS ten como obxectivo maior facer as cidades máis inclusivas e alcanzables aos séniores.



Concello de Vigo

Para ese efecto, SENIORS_FRENDLY pretende potenciar o desenvolvemento e posta a disposición de solucións innovadoras deseñadas para apoiar ás persoas maiores ofrecéndolles unha mellor calidade de vida.

Neste contexto e pondo en valor as capacidades, experiencias e actuacións xa realizadas polos socios do proxecto neste marco, a segunda actividade do proxecto centrarase na procura desas solucións en función da realidade actual da eurorrexión e das necesidades específicas dos seus maiores.

Esta actividade divídese en 3 accións secuencias: diagnóstico, desenvolvemento de pilotos de innovación e accións de demostración.

ACTIVIDADE 3.- CIDADES E COMUNIDADES MELLOR PREPARADAS PARA A TOTAL INCLUSIÓN DAS PERSOAS MAIORES.

A actividade 3 de SENIORS_FRENDLY será dedicada á capitalización dos seus resultados e á transferencia do coñecemento xerado no seu ceo a toda a eurorrexión e, por esta vía, incrementar o contido e relevancia eurorrexional da rede establecida na actividade 1.

Visa pór en valor, en prol de todo espazo de cooperación Galicia-Norte de Portugal solucións, accións e boas practicas probadas e avaliadas unha vez que (con maior ou menor intensidade) todos os seus espazos urbanos enfrontas os retos que resultan o envellecemento poboacional e do incremento da esperanza media de vida.

Esta actividade divídese en 3 accións diferentes cada unha delas dirixida á capitalización dos resultados do proxecto a públicos obxectivos específicos que constitúen os principais beneficiarios do proxecto: os recursos humanos da administración pública local, as persoas maiores que residen nos espazos urbanos da eurorrexión e as comunidades ás que pertencen esas mesmas persoas.

ACTIVIDADE 5. XESTIÓN E COORDINACIÓN

As actuacións de SENIORS_FRENDLY distribúense entre os beneficiarios atendendo ás capacidades e competencias de cada un deles, no en tanto se prevé unha participación (directa ou indirecta) de todos os socios na súa implementación:

- A Actividade 1 Recrear as cidades para mellorar a calidade de vida das persoas maiores será coordinada pola Deputación de Pontevedra.
- A Actividade 2 Cidades intelixentes na oferta de solucións innovadoras no apoio ás persoas maiores será coordinada pola Escola Superior Gallaecia ?Arquitectura e Urbanismo
- A Actividade 3 Cidades e comunidades mellor preparadas para a total inclusión das persoas maiores será coordinada pola CIM Alto Minho.
- A Actividade 5 Xestión e coordinación será asegurada pola Deputación de Pontevedra, dada a súa condición de Beneficiario Principal.
- A Actividade 6 Comunicación será coordinada pola Colexio oficial de Arquitectos de Galicia.

A Deputación de Pontevedra na súa calidade de beneficiario principal asegurará a coordinación da totalidade do proxecto, garantindo a interlocución entre os demais beneficiarios e ante órganos de xestión de POCTEP (organismos intermedios, secretariado técnico, coordinadores nacionais e autoridade de xestión). Así mesmo, será responsable da

Actividade 5 que inclúe a monitorización da execución de actividades do proxecto (financeira e técnica) con vista á identificación de eventuais desvíos ou ocorrencias propondo ao partenariado posibles solucións para mitigar os seus impactos na normal implementación do proxecto.

ACTIVIDADE 6.- COMUNICACIÓN

Esta actividade, na que participarán todos os beneficiarios baixo o liderado da Colexio oficial de Arquitectos de Galicia estenderase ao longo de todo o período de execución do proxecto e dará corpo aos obxectivos de comunicación e tácticas de divulgación definidas anteriormente.

Estruturarase en 3 accións que serán desenvolvidas en estrito cumprimento coas normas de comunicación e información de POCTEP:

Acción 1 Identidade e presenza virtual

No marco desta acción desenvolveranse as seguintes actuacións:

- Creación do logotipo de Rede de Cidades e Municipios Transfronteirizos G-NP Amigables dos Séniores - que será tamén a identidade visual do proxecto e a marca "Eurorregion Amigable cos Séniores" - e produción do respectivo manual de identidade.

Esta marca poderá ser utilizada polos membros da Rede, polos gañadores do Premio "Eurorrexión amigable das persoas maiores" e por aqueles territorios da Eurorexión que o soliciten mediante previa avaliación da aplicación dos criterios da OMS aos seus territorios no que respecta á introdución do concepto de envellecemento activo e da promoción da calidade de vida das persoas maiores nas súas políticas municipais.

- Creación de perfís da Rede (que corresponderán ás redes sociais de promoción e divulgación do proxecto) en Facebook, Twitter e Linkdin.
- Definición dunha estratexia de mercadotecnia dixital para a Rede con vista á optimización da súa presenza na web (ben sexa a través das súas canles tradicións como a través das novas plataformas de contidos dixitais). A estratexia incluírá a identificación dos sitios e formatos máis eficaces na transmisión das mensaxes do proxecto con especial relevancia para os establecidos como prioritarios no marco da actividade 3.

Estas actuacións serán integradas coa plataforma colaborativa da rede (actividade 1) unha vez que en se mesma corresponde a unha ferramenta de presenza virtual da Rede e do proxecto.

Acción 2 Material promocional

No marco desta acción producirase, por unha banda, material promocional diversificado con vista a facilitar a difusión do proxecto e os seus resultados e entregables entre o público obxectivo do proxecto (decisores políticos, técnicos municipais, séniores, comunidades locais. Estes materiais poden asumir diferentes formatos como flyer, carteis, trípticos, etc.?



Concello de Vigo

Producirase, tamén, material promocional específico para a utilización dos participantes nos eventos e as accións de formación e sensibilización do proxecto, especificamente deseñados para eses eventos.

Esta acción inclúe tamén:

- A produción da Guía eurorrexional das cidades amigables con vista á promoción e divulgación tanto das cidades membro da Rede como das actuacións innovadoras que veñen implementando en prol da inclusión dos maiores no colectivo urbano.
- A produción dun vídeo de promoción e presentación da Rede e das accións innovadoras desenvolvidas no marco do proxecto.

Acción 3.- Eventos promocionais

Ademais do evento de peche do proxecto, co obxectivo de promover a Rede e difundir os resultados e entregables do proxecto os socios organizasen nos seus territorios de intervención diferentes eventos promocionais e informativos (baixo o formato que consideren máis adecuado para levar a mensaxe do proxecto aos seus públicos obxectivo) achega do proxecto, promovendo o apoio da Unión Europea, a través de FEDER, aos logros do proxecto, moi especialmente, no que respecta á promoción do envellecemento activo e á mellora da calidade de vida das persoas maiores.

4.2. CALENDARIO DETALLADO																				
AÑOS	2017				2018				2019				2020				2021			
TRIMESTRES	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4
ACTIVIDAD 0: Preparación del proyecto					X															
ACTIVIDAD 1: Recrear las ciudades para mejorar la calidad de vida de las personas mayores									X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
ACTIVIDAD 2: Ciudades inteligentes en la oferta de soluciones innovadoras en el apoyo a as personas mayores									X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
ACTIVIDAD 3: Ciudades y comunidades mejor preparadas para la total inclusión de las personas mayores																			X	X
ACTIVIDAD 4: (automático)																				
ACTIVIDAD 5: Gestión y coordinación									X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
ACTIVIDAD 6: Comunicación									X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

PROPOSTA:

En todos os casos as medidas que se aplicarán serán estudadas e acordadas cos concellos afectados, e nesta caso polo propio Concello de Vigo, comprometéndose a aplicación das accións que se determinen..

En relación a participación coa Deputación Provincial de Pontevedra de outras administracións, a solicitude da incorporación e colaboración atopase dirixida de forma específica ao Concello de Vigo.

En relación o obxecto do proxecto, debemos referirnos que o Concello de Vigo, ven desenvolvendo cun alto grado de sensibilidade moitas accións vinculadas con aspectos vinculados ao proxecto, e neste sentido debemos destacar entre outros moitos asuntos o impulso dado nestes últimos 8 anos no desenvolvemento dunha cidade sostible e accesible, desenvolvendo actuacións transversais directa en relación ao concepto de “envelhecimento activo”, marcando o camiño para unha cidade que busca mellorar a calidade de vida dos seus veciños e veciñas.

Tal como indica a memoria recibida da Deputación Provincial de Pontevedra a participación do Concello de Vigo neste proxecto leva implícita a seguinte proposta de aportacións económicas, as cales quedará supeditadas a aprobación do proxecto e a aprobación das axudas FEDER vinculadas de acordo co seguinte cadro:

ACTIVIDAD	Deputación de Pontevedra	CIM Alto Minho	Vigo	Pontevedra	Villa Garcia de Arousa	Viana do Castelo	Gallaecia	Colexio Oficial de Arquitecto	B9	TOTAL	%
A0 - Preparación del proyecto	6.050,00 €	75,00 €			150,00 €			150,00 €	0,00 €	6.425,00 €	0,35%
A1 - Recrear las ciudades para mejorar la calidad de vida de las personas mayores	161.600,00 €	59.140,00 €	31.950,00 €	37.900,00 €	28.325,00 €	23.050,00 €	46.620,00 €	9.020,00 €	0,00 €	397.605,00 €	21,55%
A2 - Ciudades inteligentes en la oferta de soluciones innovadoras en el apoyo a as personas mayores	73.375,00 €	52.400,00 €	198.975,00 €	190.800,00 €	194.150,00 €	100.775,00 €	51.420,00 €	11.028,00 €	0,00 €	872.923,00 €	47,31%
A3 - Ciudades y comunidades mejor preparadas para la total inclusión de las personas mayores	94.962,50 €	70.150,00 €	25.787,50 €	39.300,00 €	31.475,00 €	21.275,00 €	11.040,00 €	5.520,00 €	0,00 €	299.510,00 €	16,23%
A5 - Gestión y coordinación	23.500,00 €	13.105,00 €	14.450,00 €	13.604,75 €	14.450,00 €	7.070,00 €	4.708,00 €	3.000,00 €	0,00 €	93.887,75 €	5,09%
A6 - Comunicación	48.285,00 €	24.350,00 €	14.625,00 €	14.280,00 €	23.250,00 €	11.175,00 €	11.520,00 €	27.288,00 €	0,00 €	174.773,00 €	9,47%
TOTAL	407.772,50 €	219.220,00 €	285.787,50 €	295.884,75 €	291.800,00 €	163.345,00 €	125.308,00 €	56.006,00 €	0,00 €	1.845.123,75 €	100,00%
TOTAL %	22,10%	11,88%	15,49%	16,04%	15,81%	8,85%	6,79%	3,04%	0,00%	100,00%	0,00 €
ACTIVIDAD	BP	%									
	Galicia	1.337.250,75 €	72,47%								
	Norte de Portugal	507.873,00 €	27,53%								
	TOTAL	1.845.123,75 €	100,00%								

Importe máximo do proxecto 1.845.123.75 €.

Importe do proxecto vinculado ao Concello de Vigo: 285.787.50 €

O citado importe para o Concello de Vigo queda vinculado os seguintes datos de acordo coa aprobación da subvención FEDER:

	2018	2019	2020	2021	Total
PRESUPUESTO TOTAL	- €	34.766,67 €	180.366,67 €	70.654,17 €	285.787,50 €
FONDOS FEDER (75%)	€	26.075,00 €	135.275,00 €	52.990,63 €	214.340,63 €
APORTACIÓN FONDOS PROPIOS (25%)	€	8.691,67 €	45.091,67 €	17.663,54 €	71.446,88 €
1 PERSONAL DIRECTO		22.000,00 €	22.000,00 €	28.250,00 €	72.250,00 €
2 GASTOS DE OFICINA Y ADMINISTRATIVO		3.300,00 €	3.300,00 €	4.237,50 €	10.837,50 €
3 VIAJES Y ALOJAMIENTOS		800,00 €	1.400,00 €	6.000,00 €	8.200,00 €
4 SERVICIOS Y EXPERTOS EXTERNOS		8.666,67 €	153.666,67 €	32.166,67 €	194.500,01 €
5 EQUIPAMIENTOS		- €	- €	- €	- €
		34.766,67 €	180.366,67 €	70.654,17 €	285.787,51 €



Concello de Vigo

No desenvolvemento destas accións o Concello de Vigo, traballa día a día no compromiso do Goberno Local, para o fomento das actuacións estratéxicas que sirvan de impulso os procesos de sensibilizar a poboación en xeral (e a urbana en particular) na participación activa dos maiores no desenvolvemento das cidades facéndooas máis sensibles ás súas necesidades particulares e involucrando ditas actuación no desenvolvemento da cidade. Polo cal, considerase adecuado que o Concello de Vigo aprobe a proposta de PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NO PROXECTO “SENIORS_FRIENDLY_GNP” A PRESENTAR POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA Á SEGUNDA CONVOCATORIA PARA A PRESENTACIÓN DE PROXECTOS PROGRAMA DE COOPERACIÓN INTERREG V A ESPAÑA –PORTUGAL (POCTEP) 2014/2020.

A responsabilidade de solicitude da subvención recae na Deputación Provincial de Pontevedra, polo cal o citado proxecto atoparase supeditado a aprobación da subvención europea que se solicita ao efecto, e a súa posterior aceptación, para o cal o Concello de Vigo no caso de aprobación do proxecto deberá atender o seguinte marco orzamentario máximo:

Aportación de fondos propios o proxecto:

	2019	2020	2021	Total
APORTACIÓN FONDOS PROPIOS (25%)	8.691,67 €	45.091,67 €	17.663,54 €	71.446,88 €

O Concello de Vigo asumirá as responsabilidades de “Beneficiario”. Así mesmo como beneficiario comprométese a establecer todos os mecanismos para colaborar ao desenvolvemento do proxecto e cumprir cos apartados que lle corresponden na execución do proxecto. Ademais deberá achegar todos os documentos e informes xustificativos da execución das accións encomendadas.

Por todo o exposto, previo informe de fiscalización, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a proposta da Deputación Provincial de Pontevedra para a PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NO PROXECTO “SENIORS_FRIENDLY_GNP” A PRESENTAR POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA Á SEGUNDA CONVOCATORIA PARA A PRESENTACIÓN DE PROXECTOS PROGRAMA DE COOPERACIÓN INTERREG V A ESPAÑA –PORTUGAL (POCTEP) 2014/2020.

O proxecto “SENIORS_FRIENDLY_GNP” supeditado a aprobación da subvención europea que se solicita ao efecto, e a súa posterior aceptación, se desenvolverá no seguinte marco orzamentario máximo para o Concello de Vigo:

	2019	2020	2021	Total
APORTACIÓN FONDOS PROPIOS (25%)	8.691,67 €	45.091,67 €	17.663,54 €	71.446,88 €

Terceiro: Nomear responsable do proxecto “SENIORS_FRIENDLY_GNP” a efectos de coordinación, seguimento, e notificacións oficiais ao Xefe de Área da Concelleira de Política Social

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(298).- ASUNCIÓN TEMPORAL DA XESTIÓN DOS APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DE JENARO DE LA FUENTE E AVENIDA CASTELAO. EXPTE. 636/449.

Dáse conta do informe-proposta do 27/03/18, asinado pola xefa do servizo de Contratación e pola xefa do servizo de Transportes, conformado polo concelleiro-delegado da área de Fomento, Limpeza e Contratación, pola concelleira-delegada de Transportes e polo interventor xeral municipal:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

–Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

–Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

–Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

–Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).

–Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal.

–Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).

–Prego de prescricións técnicas que rexerá no concurso para a adxudicación por procedemento aberto dun contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra para a construción e posterior explotación, en dous lotes de tres, de seis



Concello de Vigo

aparcadoiros mixtos (rotatorio e residentes) en diferentes lugares da cidade de Vigo (PPT).

–Real Decreto de 24 de xullo de 1889, polo que se aproba o Código Civil (CC).

–

–Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (LRHL).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 21 de maio de 2007, por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo XGL), adxudicouse a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A. (en adiante PUENTES), a concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao.

O adxudicatario manifestou na súa oferta a súa intención de constituír unha sociedade unipersoal para a xestión da concesión en caso de resultar adxudicataria (Memoria incluída no sobre 2, apartado 3, do Plan Económico Financeiro, subapartado 3.2). Consecuentemente, unha vez adxudicado o contrato, a entidade adxudicataria do contrato constituíu unha sociedade anónima unipersoal, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A. (no sucesivo COCHERAS), e solicitou á Administración a autorización de formalización do contrato con esta sociedade.

En data 6 de agosto de 2007, a XGL, en resposta a solicitude do concesionario mencionada no parágrafo anterior, adoptou o seguinte acordo:

“Entender que o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local de 21 de maio de 2007 polo que adoptouse a adxudicación da concesión do servizo publico de redacción de proxectos de construción e explotación dos aparcamentos subterráneos do denominado lote 2 a Puentes y Calzadas S.A. e extensivo a Cocheras Olivicas de Puentes S.A. (Unipersoal) por así constar na proposición gañadora do concurso”

Segundo.- En data 18 de decembro de 2012, D. Constantino Seara Seara, en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., solicita que se declare a resolución do contrato por causas sobrevidas e imprevisibles que fan inviable a súa execución. Solicitude que lle foi denegada por acordo da XGL de 19 de abril de 2013. Contra este acordo COCHERAS interpuxo recurso contencioso-administrativo, que foi desestimado por sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, de 25 de marzo de 2014. Esta sentenza foi recorrida en apelación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que desestimou o recurso en sentenza de 2 de outubro de 2014.

Terceiro.- En data 23 de xaneiro de 2015, o xulgado do mercantil número 2 de A Coruña, declarou en concurso voluntario de acredores a COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A.

Cuarto.- En data 26 de xuño de 2015, a XGL acordou incoar expediente para modificar o contrato co fin de adaptalo as novas circunstancias existentes. No entanto, este acordo someteuse á condición suspensiva de finalización do procedemento concursal sen liquidación de COCHERAS (punto 5º), así como o cumprimento dos seguintes requisitos pola concesionaria (punto 2º):

1. Levar ó contrato a unha situación de cumprimento, con relación os seus compromisos de financiamento de conformidade co contido da súa oferta “sobre 2 tomo 0 ; 3.2 Detalle de las fuentes de financiación”, consonte requiríuselle no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 17 de abril de 2015.
2. Incrementar o capital social de COCHERAS OLÍVICAS ata a cifra prevista no artigo 5 dos seus Estatutos Sociais, o 10% do custo do investimento directo na concesión.
3. Achegar a contía de 1.675.000 euros para solventar a situación de falta de liquidez de tesourería de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A, que posibilite a viabilidade financeira da concesión.
4. Renunciar ao lucro cesante que deixará de percibir como consecuencia da modificación do contrato, por mor da non construción do aparcadoiro de Rosalía de Castro I, que se cifra, segundo o exposto no fundamento xurídico VI, en 1.722.000 euros.

Quinto.- En auto de 19 de novembro de 2015, o citado xulgado decretou a conclusión do concurso “porque ya no existe la situación de insolvencia”, consecuencia do cumprimento por parte do concesionario, PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., das súas obrigas contractuais de capitalizar a COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., e solventar a falta de liquidez da súa tesourería.

Sexto.- En data 27 de novembro de 2015, D. Constantino Seara Seara, en nome e representación de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., e COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., presentou escrito manifestando:

- 1.** A conclusión do concurso de acredores de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., decretada en auto do Xulgado do Mercantil 2 de A Coruña, de data 19 de novembro de 2015.
2. O cumprimento dos requisitos previos para a continuación da tramitación da modificación relativos a:
 - Capital social. Para dar cumprimento os requisitos 1 e 2 do punto 2º do acordo da XGL de 26.06.2015 aumentouse o capital social de COCHERAS a 4.130.089. Extremo que acreditase con copia da escritura pública de elevación a público do acordo social de ampliación de capital.



Concello de Vigo

- Tesourería. Acredita a achega de 1.675.000 euros á tesourería de COCHERAS axuntando copias compulsadas da escritura da constitución de préstamo participativo por PUENTES e COCHERAS, en data 25 de novembro de 2015, así como do movemento bancario que acredita a transferencia desta cantidade nunha conta corrente de COCHERAS.
- Renuncia ó lucro cesante que deixará de percibir como consecuencia da modificación do contrato e que se cifra, segundo o citado acordo en 1.722.000 euros.

Sétimo.- En data 4 de marzo de 2016, a XGL acordou tomar coñecemento da proposta de modificación e, previamente á adopción do acordo de modificación, remitir o expediente ó Consello Consultivo de Galicia para a emisión de ditame preceptivo, de conformidade co previsto no artigo 102.1 da Lei 30/1992 e na Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

En data 11 de maio de 2016, o Consello Consultivo de Galicia, no ditame nº82/2016, informa desfavorablemente a proposta de modificación do contrato.

Oitavo.- En auto de data 20 de abril de 2017, o xulgado do mercantil número 1 de A Coruña, declarou en concurso voluntario de acredores á mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A. No mesmo auto nomease administradora concursal á sociedade RIVAS & MONTERO BUFETE DE ABOGADOS, S.L.P. (agora denominada ARISTEIA ABOGADOS, S.L.P., en adiante, ARISTEIA ou a administradora concursal).

En auto de data 7 de xuño de 2017, o citado xulgado acordou, no seo do procedemento concursal, a apertura da fase de liquidación do contrato.

Noveno.- En data 20 de xuño de 2017, D. Cristina Pedrosa Leis, en nome e representación de ARISTEIA, insta a este Concello a que proceda á resolución administrativa e liquidación da citada concesión, de conformidade coa lexislación de aplicación. Así mesmo, pon os aparcadoiros a disposición do Concello, requiríndolle para que os reciba canto antes, e en todo caso, no prazo máximo dun mes.

Décimo.- En data 10 de agosto de 2017, a XGL acordou denegar a solicitude de resolución do contrato mencionada no antecedente anterior.

Décimo primeiro.- En data 28 de setembro de 2017, a administradora concursal interpón recurso contencioso-administrativo contra a resolución a XGL de 10 de agosto de 2017 denegando a resolución do contrato, actualmente en tramitación no Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo.

Décimo segundo.- En data 5 de outubro de 2017, a Xunta de Goberno Local, acordou:

“Requirir á PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., titular da

concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo XGL) de data 21 de maio de 2007, para que, no prazo dos quince días seguintes á recepción do presente escrito, manifeste se en caso de liquidación da actual sociedade instrumental que xestiona o contrato, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., continuará xestionando directamente a citada concesión ou ben constituirá unha nova sociedade instrumental”.

Décimo terceiro .- En data 7 de novembro de 2017, D. Carlos M. Paz Costas, en nome e representación de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., manifesta que a citada mercantil non é a titular da concesión, senón que “La concesionaria – que no sociedade instrumental – es COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U.”.

Décimo cuarto.- En data 5 de decembro de 2017, D. Carlos M. Paz Costas, en nome e representación de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., achega, como complemento do escrito citado no antecedente anterior, un ditame do Catedrático de Dereito Administrativo da Universidad Autónoma de Madrid, D. Francisco-Javier Jiménez de Cisneros Cid.

Décimo quinto.- En data 19 de febreiro de 2018, recibíuse auto do Xulgado do Mercantil nº 1 de A Coruña, de 16 de febreiro do mesmo ano, acordando o cese da actividade empresarial de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., e o peche das oficinas, establecementos ou explotacións de que fose titular.

Décimo sexto.- En data 1 de marzo de 2018, a XGL acordou *“Requirir á PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., titular da concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo XGL) de data 21 de maio de 2007, para que no prazo dun mes a contar desde a recepción da presente resolución, continúe coa xestión da citada concesión, apercibiéndole de que en caso contrario, esta Administración procederá a resolución do contrato por incumprimento grave das súas obrigas esenciais ou a declarar a caducidade da mesma, segundo proceda”*. Este acordo foi notificado ao concesionario en data 2 de marzo.

Décimo sétimo.- En data 6 de marzo de 2018, a XGL aprobou expediente para a contratación por procedemento aberto da concesión de servizo dos aparcadoiros de Jenaro de la Fuente e Castelao, os pregos que rexeran a mesma e acordou a apertura da licitación.

Este procedemento na actualidade atópase en prazo de presentación de ofertas.

O PCAP prevé como condición suspensiva do mesmo a resolución da concesión que nos ocupa.

Décimo oitavo.-En data 16 de marzo de 2018, a Administradora concursal comunicou por correo electrónico a esta Administración o peche dos aparcadoiros en data 31 de marzo de 2018, en cumprimento do citado auto do xulgado do mercantil número 1 de A Coruña de 16 de febreiro de 2018.



Concello de Vigo

Décimo noveno.- En data 21 de marzo de 2018, a XGL acordou “Requirir á PUNTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., titular da concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo XGL) de data 21 de maio de 2007, para que no prazo dos tres días seguintes á recepción da presente resolución, continúe coa xestión da citada concesión, apercibíndolle de que en caso contrario, esta Administración procederá a adoptar as seguintes medidas:

1º.- Asumir temporalmente a execución directa do servizo, consonte ao disposto no artigo 127.1.3ª RSCL.

2º.- Incoar expediente para determinar se procede declarar a resolución do contrato por incumprimento grave do concesionario das súas obrigas esenciais, ou, no seu caso, declarar a caducidade da concesión”

Dito Acordo foi notificado ao concesionario en data 21 de marzo de 2018.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza do contrato e lexislación aplicable

A concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, adxudicada por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo XGL) de data 21 de maio de 2007 á PUNTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., pode cualificarse como contrato de xestión de servizo público.

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

–Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

–Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).

Este contrato é definido pola lexislación contractual que resúltalle de aplicación como aquel mediante o cal as Administracións Públicas encomendan a unha persoa, natural o xurídica, a xestión dun servizo público (artigo 154.1 LCAP).

A súa regulamentación específica está contida no título II do libro II da LCAP e no Regulamento de servizos das corporacións locais. Tamén lle serán de aplicación os

preceptos establecidos na LCAP para o contrato de concesión de obras públicas (título V do libro II), por imperativo do artigo 158.2 LCAP, por comprender tamén a execución de obras.

-II-

Do titular da concesión

O contrato que nos ocupa foi adxudicado a un grupo empresarial, PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A. O adxudicatario manifestou na Memoria incluída no sobre 2 (apartado 3), no Plan Económico Financeiro (subapartado 3.2) a súa intención de constituír unha sociedade unipersoal para a xestión da concesión en caso de resultar adxudicataria. Consecuentemente, unha vez adxudicado o contrato, a entidade adxudicataria do contrato constituíu unha sociedade anónima unipersoal, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., cun capital social de 61.000 euros e solicitou á Administración a autorización de formalización do contrato con esta sociedade.

A lei permite que o adxudicatario dunha concesión de servizo público ou de obra pública poida constituír unha sociedade ad-hoc para a explotación da mesma. Esta posibilidade foi introducida pola Lei 13/2003, de 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, nos artigos 230 e 232.3 do TRLCAP, é resulta aplicable as concesións de servizo público a teor do artigo 156.a. do mesmo corpo legal. En consecuencia, tal e como se recolle no antecedente primeiro deste escrito, a XGL tomou razón da constitución deste sociedade instrumental.

Nalgúns casos esta figura da sociedade concesional é só unha farsa por canto as concesións son xestionadas directamente pola sociedade matriz con persoal propio, polo menos a nivel directivo, e como máximo a sociedade concesional ten persoal propio dedicado á xestión cotiá da concesión. No caso que nos ocupa a sociedade instrumental carece sequera de persoal, encargándose da xestión diaria do aparcadoiro unha empresa de servizos contratada ao efecto, tal e como despréndese do fundamento xurídico IV.

A sociedade matriz pode verse tentada, se a concesión, polas razóns que sexan, non resulta tan rendible como estaba previsto, a deixar que a sociedade concesional acabe nunha situación de insolvencia que derive nun procedemento concursal, ou simplemente abandone a xestión e provoque a resolución do contrato, pois a nosa lexislación impón a Administración a obriga de aboar o prezo das obras construídas, con independencia da existencia, ou non, de culpa ou responsabilidade do concesionario na mesma. O mesmo ocorrería se o concurso acabase en liquidación, con independencia da culpa ou non da sociedade concesionaria na súa insolvencia. En ambos casos, a Administración ven obrigada a resolver o contrato e a abonar o prezo das obras e instalacións que, executadas por este, vaian a pasar a propiedade de aquela, tendo en conta o seu estado e o tempo que reste para a reversión"(artigo 169 TRLCAP), o que podería producir un grave quebranto nas arcas públicas.

Para evitar estas situacións, debería considerarse que estas sociedades son so un ente instrumental do concesionario para separar das outras ramas da súa actividade a xestión da concesión, e non o concesionario propiamente dito. De modo que, en caso de situacións de insolvencia das mesmas, o concesionario estaría obrigado a dotalas do capital necesario



Concello de Vigo

para resolver a situación de insolvencia xurdida, ou en caso contrario, continuar coa xestión directamente, sen a sociedade instrumental.

Avalaría esta tese o feito de que, os contratos, de acordo coa lexislación pola que se rexe o presente, se perfeccionan coa súa adxudicación (artigo 53 TRLCAP). En consecuencia, o adxudicatario deste contrato non é COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, senón, a tenor do acordo de adxudicación, PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A. Así o recoñece o propio concesionario en escrito de 21 de xuño de 2007, no que tras recordar o seu compromiso de constituír unha sociedade concesionaria unipersonal de resultar adxudicatario manifesta que “procede se complete el acuerdo de la Junta de Gobierno Local de 21 de mayo de 2007, en el sentido de precisar que si bien la adjudicación del lote 2 del concurso es a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., esta constituirá una sociedad concesionaria, unipersonal, a la que aportará el capital comprometido, y con la que se otorgará el contrato adjudicado. Su denominación será COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.”, solicitándoo así ó órgano de contratación.

Interpretación que, no entanto, podería chocar co disposto no artigo 232.3 do TRLCSP que determina que “Quen concorra individual ou conxuntamente con outros á licitación dunha concesión de obras públicas, poderá facelo co compromiso de constituír unha sociedade que será a titular da concesión. A constitución e, no seu caso, a forma da sociedade deberán axustarse ao que estableza, para determinados tipos de concesións, a correspondente lexislación específica”. Se ben podería interpretarse este precepto no senso de que o ente instrumental é o titular da concesión no tráfico xurídico, de cara a separar a xestión da concesión do resto da actividade da empresa concesionaria, pero en ningún caso a creación deste ente instrumental desliga ó concesionario das súas responsabilidades como tal.

Esta tese resulta avalada polo Ditame do Consello Consultivo de Galicia 264/2017, do 14 de marzo de 2018, ao dicir que *“Na tese do Consello, a apertura da fase de liquidación no procedemento de concurso, se limitaría á resolución do contrato de concesión da sociedade concursada, pero non afectaría ás relacións xurídicas das sociedades adxudicatarias do contrato co Concello de Vigo. Unha afirmación que este Consello Consultivo non pode senón compartir, pois en diferentes cláusulas do PCAP, entre elas a que é obxecto deste expediente de interpretación contractual, contéñense obrigas directamente esixibles aos licitadores, que non necesariamente se verán afectadas pola declaración de concurso da sociedade concesionaria que aqueles viñeron obrigados a constituír consonte as previsións do propio PCAP”*. Máxime tendo en conta que no PCAP que rexe o contrato que nos ocupa non exíxese a constitución de sociedade instrumental para a xestión da concesión. Foi o concesionario PUENTES o que voluntariamente decidiu a constitución da mesma.

Como se pode apreciar á vista dos antecedentes deste informe, no caso que nos ocupa, o grupo PUENTES solicitou a resolución do contrato, que lle foi denegada en vía administrativa por acordo da XGL de data 19 de abril de 2013, que impugnou ante a xurisdición contencioso-administrativa desestimándosele, tanto en primeira instancia como en segunda. Posteriormente solicitou o concurso da sociedade instrumental, procedemento o que renunciou ao acceder esta Administración á súa solicitude de modificación do contrato. No entanto, sometida a modificación a ditame do Consello Consultivo de Galicia, este foi desfavorable. A Administración municipal, á vista do mesmo, acordou non modificar o contrato, circunstancia que motivou o inicio dun novo procedemento concursal que rematou coa liquidación de COCHERAS.

Efectivamente COCHERAS foi declarada en concurso voluntario en auto de data 20 de abril de 2017, do xulgado do mercantil número 1 de A Coruña.

Liquidada a sociedade instrumental, o Xulgado, en auto de 16 de febreiro de 2018, declara o cese da súa actividade empresarial e o peche das oficinas, establecementos ou explotacións de que fose titular. En consecuencia, liquidada a sociedade instrumental, o concesionario, PUENTES, deberá xestionar a concesión.

En data 7 de outubro de 2017, requiríuselle para que manifestase se en caso de liquidación da actual sociedade instrumental, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., continuaría xestionando directamente a citada concesión, ou ben constituirá unha nova sociedade instrumental, concedéndolle ao efecto un prazo de quince días. O concesionario non respostou a este escrito en prazo. Se ben, presentou no Rexistro Xeral sendos escritos en datas 7 de novembro e 5 de decembro. No primeiro manifestou que o concesionario era a extinta sociedade instrumental e no segundo limitouse a aportar un ditame dun catedrático de dereito administrativo sobre a improcedencia de considerar ao Grupo Puentes concesionario deste contrato.

En data 2 de marzo de 2017 requiríuselle de novo para que continuase coa xestión da citada concesión, apercibíndolle de que en caso contrario, esta Administración procedería a resolución do contrato por incumprimento grave das súas obrigas esenciais ou a declarar a caducidade da mesma, segundo procedese, outorgándolle ao efecto o prazo dun mes.

No transcurso deste prazo, a Administradora concursal comunicou por correo electrónico de data 16 de marzo a esta Administración a súa intención de proceder ao peche dos aparcadoiros en data 31 de marzo, en cumprimento do citado auto. Polo tanto, non resultaba posible agardar á contestación de PUENTES, por rematar o prazo concedido ao efecto con posterioridade á data prevista de peche. En consecuencia, en data 21 de marzo requiríuselle de novo para que manifestase a súa intención de continuar, ou non, coa prestación do servizo de aparcadoiro, sen obter resposta.

- III -

Do incumprimento polo concesionario das súas obrigas esenciais e da necesidade de continuar coa prestación do servizo público de aparcadoiro

O servizo de aparcadoiro é un servizo público, que se encadra nas competencias municipais en materia de tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade (artigos 25.2.g da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local -en adiante LBRL- e 80.2.b da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia- en adiante LALGA-).

Ao tratarse dun servizo público, o Concello ten que garantir a continuidade do mesmo, sobre todo, tendo en conta que o concesionario ten celebrado contratos de cesión de uso de prazos de aparcadoiro e de abonos mensuais.

Nesta liña de garantir que a liquidación da sociedade instrumental non afecte ao desenvolvemento do servizo, esta Administración ten requirido ao concesionario que



Concello de Vigo

continúe coa xestión da concesión. No entanto, PUENTES, tal e como ten manifestado reiteradamente, considera que non é o concesionario, polo que declina continuar coa xestión.

Compre por de manifesto que o cese na xestión da explotación da concesión pode considerarse como unha infracción moi grave das obrigas esenciais do concesionario, causa de resolución, ou de caducidade da concesión, por causa imputable ao mesmo. Faise preciso incoar un expediente para declarar a resolución, ou, no seu caso, a caducidade da concesión.

Dada a negativa do concesionario a continuar coa xestión dos aparcadoiros, o Concello deberá adoptar medidas para continuar coa mesma e evitar o seu peche. Neste senso, o artigo 127.1.3ª RSCL, outorga a corporación concedente a facultade de asumir temporalmente a execución directa do servizo nos casos nos que o concesionario non o prestase ou non o puidera prestar, sexa por circunstancias imputables, ou non, ao mesmo. Procede, pois, adoptar esta medida e continuar explotando os aparcadoiros ata a resolución do contrato e, no seu caso, a adxudicación da nova concesión agora en licitación.

-IV-

Da continuidade dos actuais subcontratistas

Para garantir a continuidade na prestación do servizo en caso de resolución, o artigo 266.5 da LCAP dispón que “O órgano de contratación poderá acordar tamén, como consecuencia da resolución da concesión, a resolución dos contratos outorgados polo concesionario para o aproveitamento das zonas complementarias de explotación comercial, abonando a indemnización que no seu caso correspondese. Esta indemnización será abonada con cargo ao concesionario cando a resolución producíse como consecuencia de causa imputable a este. Cando non se acorde a resolución dos citados contratos, os titulares dos dereitos de aproveitamento seguirán exercéndoos, quedando obrigados fronte ao órgano de contratación nos mesmos términos en que o estivesen fronte ao concesionario, salvo que se chegase, de mutuo acordo, á revisión do correspondente contrato”. Precepto aplicable ás concesións de servizo con obra, como a que nos ocupa, por imperativo do artigo 158.2 LCAP. Así mesmo, consideramos aplicable o mesmo, non so aos contratos outorgados polo concesionario para o aproveitamento das zonas complementarias de explotación comercial senón, tamén, aos demais contratos celebrados polo mesmo para a xestión do servizo público, tendo en conta que o espírito da norma é garantir a continuidade sen interrupcións do servizo público, en aras a non perturbar a súa prestación en detrimento dos usuarios do mesmo. Avala esta tese a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Canarias, de data 10 de outubro de 2014, ditada no recurso de apelación nº 110/2014.

A administradora concursal informa que os contratos en vigor celebrados por COCHERAS son os seguintes:

- Contrato de data 20 de outubro de 2010, celebrado entre a Sociedade Mercantil Anónima Eulen, S.A. con CIF nùm. A-28/517308 e Cocheras Olivicas de Puentes, S.A., con CIF nùm. A 36997765, para os servizos de xestión de aparcamentos

especificados no anexo 1 nos aparcadoiros da rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (Vigo). O prazo de duración do contrato e dun ano a partir do cal calquera das partes poderá deixalo sen efecto sen mais que comunicar a outra por escrito a súa vontade neste sentido con unha antelación mínima dun mes. O importe mensual deste contrato é de 21.221,06 euros.

- Contrato de data 18 de novembro de 2010 nº 02610078HA entre Cocheras Olivicas de Puentes, S.A, con CIF nùm. A 36997765, e Prosegur Transportes de Valores, S.A., con CIF nùm. A 48158026 que ten por obxecto o servizo de recollida de efectivo no aparcadoiro de Jenaro de la Fuente en horario de mañá de 8.00 a 16.00 horas de luns a venres laborais segundo as súas necesidades (transporte e distribución de obxectos valiosos ou perigosos), traslado ate a súa base para o seu reconto, clasificación e preparación do ingreso na súa conta da entidade bancaria designada e o subministro, preparación e entrega de cambios coincidentes coas recollidas, iniciando os efectos o 23 de novembro de 2010. O prazo de duración do contrato será de 12 meses a contar da data de inicio dos servizos e prorrogarase automaticamente por prazos de igual duración salvo que calquera das partes houbera notificado a outra, de forma expresa e escrita a súa vontade contraria á prórroga cunha antelación mínima de 15 días a data de terminación do período inicial do contrato o de calquera das súas prórrogas. E o anexo nº 2 de 9 de marzo de 2015 polo que se inclúe o aparcadoiro de avenida de Castelao. Este contrato non ten unha cantidade mensual fixa por canto esta varía en función do importe da recadación. No mes de xaneiro de 2018 abonáronse 327 euros e no de febreiro 234 euros, polo tanto, o importe mensual medio neste ano é de 280,50 euros.
- Contratos entre Cocheras Olivicas de Puentes, S.A, con CIF nùm. A 36997765, e Parkare Group, S.L., con CIF nùm.B63195382, de datas 1 de abril de 2015, de mantemento de equipos modalidade Silver para os aparcadoiros de Jenaro de la Fuente e Castelao. O prazo de duración dos contratos será dende o 1 de abril de 2015 ate o 31 de marzo de 2016 e será prorrogable por anos naturais salvo denuncia expresa formulada por carta certificada por calquera das partes con 60 días de anticipación a data indicada de finalización do mesmo ou das prórrogas, ou ao vencemento que corresponda por motivos de finalización da adxudicación. O importe mensual deste contrato é de 1.211,95 euros.
- Contratos entre Indra Sistemas, S.A., con CIF A 28599033, e Cocheras Olivicas de Puentes, S.A, con CIF nùm. A 36997765, de mantemento de instalacións eléctricas, ventilación forzada, protección de incendios e detección de monóxido de carbono dos aparcadoiros da avenida de Castelao e a rua Jenaro de la Fuente, de data 1 de novembro de 2012. O prazo de duración dos contratos será de 1 ano a contar da data de entrada en vigor e prorrogarase tacitamente por períodos iguais salvo que calquera das partes manifesten por escrito con un mes de antelación o seu vencemento o seu desexo de dalo por terminado. O importe mensual deste contrato é 600 euros.
- Contratos entre Orona, Sociedad Cooperativa con CIF F20/025.318 e Cocheras Olivicas de Puentes, S.A, con CIF A 36997765 de datas 10 de marzo de 2010 , de mantemento dos aparatos elevadores dos aparcadoiros sitios na avenida de Castelao e na rúa Jenaro de la Fuente. O prazo de duración dos contratos e de 1 ano contado a partir do 1 de abril de 2010; unha vez vencido o prazo contractual e non habendo sido denunciado o contrato por ningunha das partes , se producirá a prórroga o tácita recondución do mesmo por períodos iguais sucesivos , salvo comunicación por medio de carta certificada con acuse de recibo a outra parte contratante con dos



Concello de Vigo

meses de antelación a data do vencemento. O importe mensual deste contrato é de 323,02 euros.

Así mesmo, será preciso dispoñer a inclusión das subministracións de auga, gas e electricidade aos aparcadoiros, dentro das propias dos vixentes contratos de subministro adxudicados polo Concello.

Para facer fronte a estes gastos existe consignación presupostaria na aplicación presupostaria de nova creación 44122279900 "Financiamento aparcamentos Jenaro de la Fuente e Castelao", que ten saldo na bolsa de vinculación 4412.22 por un importe de 24.400 euros, contía que estimase suficiente para afrontar o custe de funcionamento das instalacións no primeiro mes, que estimase en 23.636,53 euros.

Para afrontar os gastos dos seguintes meses, na medida que se fagan os ingresos correspondentes a explotación das instalacións, que estimase en 37.500 euros mensuais, procederase a xeración de crédito por esa contía o cal posibilitará ter suficiencia de crédito para afrontar os custes mensuais de funcionamento. En consecuencia, habería crédito adecuado e suficiente para garantir o funcionamento dos aparcadoiros.

- V-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previa fiscalización da Intervención Xeral por canto o presente acordo dará lugar ao recoñecemento e liquidación de dereitos e obrigacións ou gastos de contido económico (artigo 214 LRHL).

- VI-

Acordo

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

"1º.- Declarar o incumprimento de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., titular da concesión de servizo para a construción, por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo XGL) de data 21 de maio de 2007, da súa obriga de explotación dos aparcadoiros, polos motivos expostos no fundamento xurídico terceiro do presente informe.

2º.-Asumir temporalmente a execución directa do servizo público de explotación dos aparcadoiros subterráneos de uso mixto situados nas rúas Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, consonte ao disposto no artigo 127.1.3ª RSCL.

3º.- Continuar, a partir do 1 de abril de 2018, e nas mesmas condicións, cos contratos que actualmente están en vigor celebrados por COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., cos seguintes subcontratistas:

- Contrato de data 20 de outubro de 2010, celebrado con Eulen, S.A., para os servizos de xestión de aparcamentos. O importe mensual deste contrato é de 21.221,06 euros.*

- *Contratos de datas 18 de novembro de 2010 e de 9 de marzo de 2015 celebrados con Prosegur Transportes de Valores, S.A., que ten por obxecto o servizo de recollida de efectivo nos aparcadoiros de Jenaro e Castelao respectivamente. O importe mensual medio neste ano é de 280,50 euros.*
- *Contratos de data 1 de abril de 2015 celebrados con Parkare Group, S.L., de mantemento de equipos para os aparcadoiros de Jenaro de la Fuente e Castelao. O importe mensual deste contrato é de 1.211,95 euros.*
- *Contratos de data 1 de novembro de 2012 celebrados con Indra Sistemas, S.A., de mantemento de instalacións eléctricas, ventilación forzada, protección de incendios e detección de monóxido de carbono. O importe mensual deste contrato é 600 euros.*
- *Contratos de data 10 de marzo de 2010 celebrados con Orona, Sociedad Cooperativa, de mantemento dos aparatos elevadores dos aparcadoiros sitios na avenida de Castelao e na rúa Jenaro de la Fuente. O importe mensual deste contrato é de 323,02 euros.*

4º.- Autorizar o gasto para facer fronte a continuidade dos citados contratos no apartado anterior no mes de abril de 2018 para o cal existe consignación presupostaria na aplicación de nova creación 44122279900 "Financiamento aparcamentos Jenaro de la Fuente e Castelao".

5º.- Continuar cos contratos de subministracións de auga e electricidade aos aparcadoiros celebrados por COCHERAS OLIVICAS DE PUENTES, S.A.

6º.- Incoar expediente para determinar se procede declarar a resolución do contrato por incumprimento grave do concesionario das súas obrigas esenciais, ou, no seu caso, declarar a caducidade da concesión.

7º.- Dar traslado do presente acordo aos interesados con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(299).- ACLARACIONES ÁS CUESTIONES FORMULADAS POLOS LICITADORES EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DAS ÁREAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE. 1537/611.

Dáse conta do informe-proposta do 27/03/18, da técnica de Admon. Xeral do servizo de Contratación, conformado pola xefa do dito servizo:

I.- Antecedentes

Primeiro.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 15 de febreiro de 2018, acordou aprobar o expediente de contratación número 1537/611 contratación do servizo de limpeza das áreas deportivas municipais dependentes da concellaría de deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas, e abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.



Concello de Vigo

Segundo.- O 17 e 19 de febreiro de 2018, publicouse no Diario Oficial da Unión Europea o anuncio de licitación do citado procedemento.

Terceiro.- Nas datas 8 e 15 de de marzo de 2018 D^a. Mónica Manrique Samaniego, en representación de CLECE, S.A., aberto o prazo para a presentación de ofertas, mediante escritos presentados no Rexistro Xeral deste Concello cos número 180035205 e 180039613, solicita aclaracións ao prego de cláusulas administrativas particulares.

Reprodúcense no seguinte apartado as aclaracións solicitadas e as súas respostas.

II.- Aclaracións

1º.- D^a. Mónica Manrique Samaniego, en representación de CLECE, S.A., solicita con data 8 de marzo de 2018 a *“porcentaxe de absentismo que se mantén no servizo”*.

Informa o director técnico do Servizo de Deportes con data do 21 de marzo de 2018 *“Non se dispón polo servizo de deportes da información solicitada”*.

2º. D^a. Mónica Manrique Samaniego, en representación de CLECE, S.A., con data do 15 de marzo de 2018, solicita aclaración ás seguintes dúbidas:

- No listado de persoal a subrogar non aparecen os pluses que recibe o persoal.

Segundo o artigo 120 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, *“o órgano de contratación deberá facilitar aos licitadores, no propio prego ou na documentación complementaria, a información sobre as condicións dos contratos dos traballadores aos que afecte a subrogación que resulte necesaria para permitir a avaliación dos custos laborais que implicará tal medida. Para estes efectos, a empresa que viñese efectuando a prestación obxecto do contrato a adxudicar e que teña a condición de empregadora dos traballadores afectados estará obrigada a proporcionar a referida información ao órgano de contratación, a requirimento deste”*.

En cumprimento do citado artigo, consta como Anexo II ao prego de prescricións técnicas particulares, publicado no perfil de contratante, a información facilitada pola actual prestadora do servizo.

- En relación co apartado 8A das FEC:

- No punto **1.- Plan de organización e prestación de servizos** deberá ser un arquivo único que conteña os tres apartados que o compoñen ou debe de ser un arquivo dixital para cada un dos apartados que o compoñen.

O Plan de organización e prestación de servizos deberá presentarse en 3 arquivos dixitais, 1 arquivo por cada unha das memorias que o conforman: MA1, MA2 e MA3.

- Os 30 folios que debe ocupar como máximo refírense ao punto **1.- Plan de organización e prestación de servizos** (composta polos apartados MA1, MA2 e MA3) ou polo contrario se refíren a que cada un dos apartados que o compoñen (MA1, MA2 e MA3), poden ocupar 30 folios cada un.

Cada un dos 3 arquivos deberá ter un máximo de 30 follas por unha cara e 10 MB de tamaño.

III.- Acordo

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda do TRLCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Aprobar as respostas ás cuestións formuladas por D^a. Mónica Manrique Samaniego, en representación de CLECE, S.A. mediante escritos de data 8 e 15 de marzo de 2018 e contidas neste informe”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(300).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA COLOMBIA, FASE I. EXPTE. 4887/440.

Dáse conta da proposta de data 23/03/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 22 de marzo de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Colombia (4.887-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2^a TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Colombia (4.887-440) na seguinte orde descendente:

Licitadores	Puntuación
-------------	------------



Concello de Vigo

1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	94,45
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	93,43
3	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	92,53
4	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	92,40
5	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.	91,35
6	CONST. CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	90,94
7	C.D. INDEPO, S.L.	90,47
8	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONST. S.A.)	90,01
9	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.(ACEVI)	89,72
10	HIDROMIÑO, S.L.	89,30
11	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	88,74
12	ORESA, S.L.	88,54
13	UTE EXCAVACIONES Y CONST. LAUREANO COVELO, S.A. e SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	88,04
14	COPCISA, S.A.	86,68
15	EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	72,96

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 999,02 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

6(301).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE IMPLANTACIÓN DA VÍA CICLISTA ENTRE TEÍS E SAMIL. EXPTE. 5106/440.

Dáse conta da proposta de data 27/03/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 27 de marzo de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de implantación da vía ciclista entre Teis e Samil (5.106-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de implantación da vía ciclista entre Teis e Samil (5.106-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	94,76
2	VIVIENDAS Y OBRAS CIVILES, S.A.	93,52
3	DRAGADOS, S.A.	91,83
4	CIVISGLOBAL, S.L.U.	89,27
5	UTE CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. - AIRAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	89,49
6	UTE C.D. INDEPO, S.L. - HIDROMIÑO, S.L.	88,68
7	ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A.	86,39
8	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	86,15
9	EXTRACO, S.A.	85,35
10	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	83,68
11	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - VÍAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	83,27
12	CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	80,74
13	UTE PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. - CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	79,75
14	UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.A.U.	78,95
15	FERROVIAL AGROMAN, S.A.	77,03
16	COPCISA, S.A.	75,97
17	UTE API MOVILIDAD-ECCASAS	74,73

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).



Concello de Vigo

3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 851,26 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

7(302).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA E PEQUENO MANTEMENTO DAS DEPENDENCIAS E INSTALACIÓNS DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS. EXPTE. 350/613.

Dáse conta da proposta de data 27/03/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 27 de marzo de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (350-613)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (350-613) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	MANTELNOR LIMPIEZAS , S.L.	100,00
2	SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L.	82,19
3	ITMA, S.L.U.	69,09
4	LIMPIEZAS CIES, S.L.	68,25
5	SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L.	67,88

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MANTELNOR LIMPIEZAS , S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.887,74 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

8(303).- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DE RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO POR CONSTRUCCIONES VALE, S.L., NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. ATLÁNTIDA. EXPTE. 5105/440.

Dáse conta do informe-proposta de data 20/03/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación e o concelleiro-delegado da Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Real decreto do 24 de xullo de 1889, texto da edición do Código Civil (CC)
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación mediante procedemento aberto das obras de humanización da avenida Atlántida (PPT)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación mediante procedemento aberto das obras de humanización da avenida Atlántida (PCAP)

ANTECEDENTES DE FEITO:



Concello de Vigo

Primeiro.- O 18 de decembro de 2017, a Xunta de Goberno local, aprobou o expediente de contratación das obras de humanización da avenida Atlántida, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e o gasto e acordou a apertura do procedemento de contratación.

A licitación foi obxecto de publicación nos seguintes medios:

- No perfil de contratante, o 26 de decembro de 2017
- No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, o 29 de decembro de 2017
- No Diario Oficial de Galicia, o 18 de xaneiro de 2018

Rematando o prazo de presentación de ofertas o 13 de febreiro de 2018.

Segundo o certificado expedido polo Rexistro Xeral o 15 de febreiro de 2018, durante ese prazo presentaron ofertas os seguintes licitadores:

1. EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, S.L.
2. COPCISA, S.A.
3. ORESA, S.L.
4. CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.
5. ELSAMEX, S.A.
6. XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.
7. CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
8. EXCAV. Y CONSTRUCC. MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
9. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
10. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI S.L.)
11. PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONSTRUCCIONES, S.A.)
12. UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES COVELO - SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.
13. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
14. NAROM, S.L.
15. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

Indica tamén o referido certificado *“Así mesmo, o día 15 do presente, recibiuse unha oferta da empresa CONSTRUCCIONES VALE, S.L., sen que conste comunicación previa, agás un fax recibido o día 13, sen ningún contido, soamente coa data “13/02/2018” a hora e lugar de envío “20:03 PONTEAREAS” e o numero de Fax “ 986640637 82448”.*

Segundo.- Na sesión que tivo lugar o 19 de febreiro de 2018 a Mesa de contratación do Concello de Vigo procedeu á apertura do sobre A *“documentación persoal”*, admitindo a todos os licitadores presentados agás CONSTRUCCIONES VALE, S.L. *“por ter presentado a súa proposición o 15 de febreiro de 2018, fóra do prazo de presentación de ofertas (que remataba o 13) sen que se teña constancia do anuncio de remisión da oferta no mesmo día da súa presentación na oficina de Correos, como esixe o artigo 80.4 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (“Cuando la documentación se envíe por correo, el empresario deberá justificar la fecha de imposición del envío en la oficina de Correos y anunciar al*

órgano de contratación la remisión de la oferta mediante télex, fax o telegrama en el mismo día")".

Este acordo foi notificado a CONSTRUCCIONES VALE, S.L. o 20 de febreiro de 2018.

Terceiro.- En data 21 de febreiro de 2018 D^a. Laudelina Domínguez Cerdeira en representación de CONSTRUCCIONES VALE, S.L., interpón recurso de alzada contra o acordo da Mesa de Contratación do 19 de febreiro de 2018 polo que non se admitía a súa proposición neste procedemento (escrito con Rexistro de entrada nº 180027953).

Cuarto.- Para os efectos de dar cumprimento á esixencia do artigo 118.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, con data do 27 de febreiro de 2018 deuse audiencia os licitadores admitidos neste procedemento.

Quinto.- O 28 de febreiro de 2018 solicitouse do Servizo de Administración Electrónica Solicítase que informase sobre se o fax ao que se refire o recorrente no seu escrito foi recibido neste Concello.

Sexto.- O 1 de marzo de 2018 emitíuse informe asinado polo técnico responsable de Seguridade, Redes e Comunicación e o xefe do Servizo de Administración Electrónica que se transcribe a continuación:

"A continuación achéganse os rexistros do sistema de FAX corporativo do Concello de Vigo respecto ó fax recibido o día 13 de febreiro de 2018 e sobre o que se solicita informe:

-- OFI5A8344465647

20:01 13/02/2018 Registro de transmisión
Recibido de ID remota "986640637 82448"
ID única: "OFI5A8344465647"
Tiempo transcurrido: 0 minutos, 34 segundos.
Canal 1 usado del servidor "XENAPP-NOM-DESA".
ANI: "0986640637"
AOC: 0, 0, 0
Código de estado resultante (0/352; 0/0): Correcto
Páginas enviadas: 1 - 1
Delegate ID: ""

20:02 13/02/2018 Registro de redirección
Redirigido desde OFI.REXISTRO a VICENTE.COMESANHA,MILA.PEREIRA,ALBERTO.-
PAZ
Notas: Fax was automatically forwarded by OFI.REXISTRO upon receipt

20:02 13/02/2018 Registro enrutado por gateway
Fax enrutado por SMTP a LRFAX.REXISTRO@VIGO.ORG



Concello de Vigo

11:05 15/02/2018 Ver registro
Visualizado por: ADMIN.RFAX

14:06 28/02/2018 Ver registro
Visualizado por: ADMIN.RFAX

Na imaxe do FAX recibido, aportada neste documento, apréciase unha primeira liña de cabeceira onde figuran, **insertados polo sistema fax que ENVÍA,os seguintes datos:**

*Día e Hora (do sistema que envía, dous minutos desfasado respecto o municipal):
13/02/2018 20:03*

Nome ou identificador do sistema que envía: PONTEAREAS

Número e un identificador do sistema que envía: (FAX)986640637 82448

Número e total de páxinas enviadas polo sistema: P.001/001

Isto último indica que o propio sistema que envía está indicando que é a páxina número 1 de un total de 1, do que dedúcese que o total de páxinas enviadas é 1.

O rexistro de fax do sistema do Concello que recibe coincide co transmisor en que se recibe 1 páxina dun total de 1 de forma correcta.

Polo tempo indicado de transmisión, 0 minutos 34 segundos, e a propia información inserida polo sistema de envío, dedúcese que unicamente foi enviada desde o remitente unha páxina a que o fax remitente lle engadiu a información que se pode ler na cabeceira do fax recibido. Descoñécese o motivo polo que se enviou unha páxina en branco, aínda que pode deducirse que é un problema de orixe, xa que si fose un problema na recepción, non aparecerían os datos do orixe na cabeceira do fax, que son inseridos automaticamente polo fax de transmisión.

No mesmo día foron recibidos diferentes fax de distintas procedencias no rexistro municipal, a través do mesmo sistema, sen ningún tipo de incidencia.

A vista doas anteriores datos, non se observa ningún problema no sistema municipal de recepción de fax que puidese xerar incidencias, recibíndose no rexistro municipal, na data e hora indicadas, a única páxina enviada polo sistema emisor tal e como figura a continuación".

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

-I-

Obxecto do recurso de reposición

É obxecto da presente impugnación o acordo adoptado pola Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o día 19 de febreiro de 2018, polo que non se admite a proposición presentada por CONSTRUCCIONES VALE, S.L. neste procedemento.

-II-



Concello de Vigo

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

O recurso de alzada é un recurso administrativo ordinario que procede interpoñer contra as resolucións e actos aos que se refire o artigo 112.1 da LPAC, cando non poñan fin á vía administrativa.

En primeiro lugar, cómpre analizar se concorren neste recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a súa admisión, ou pola contra, concorre unha causa de inadmisión.

Son causas de inadmisión dos recursos administrativos (artigo 116 LPAC):

- a) Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertencese a outra Administración Pública.
- b) Carecer de lexitimación o recorrente.
- c) Trátase dun acto non susceptible de recurso.
- d) Transcorrer o prazo para a interposición do recurso.
- e) Carecer o recurso manifestamente de fundamento.

En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles de recurso de alzada as resolucións e actos aos que se refire o artigo 112.1 da LPAC, cando non poñan fin á vía administrativa (artigo 121.1 LPAC):

Así mesmo, o recurso deberá fundamentarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da LPAC (artigo 112.1 LPAC).

Son nulos de pleno dereito os seguintes actos administrativos (artigo 47.1 LPAC):

- a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
- b) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.
- c) Os que teñan un contido imposible.
- d) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta.
- e) Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados.
- f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para o seu adquisición.
- g) Calquera outro que se estableza expresamente nunha disposición de rango legal.

Son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder (artigo 48.1 LPAC). Con dúas excepcións:

- O defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin, ou de lugar á indefensión dos interesados (artigo 48.2 LPAC).
- A realización de actuacións administrativas fora do tempo establecido para elas só implicará a anulabilidade do acto cando así o impoña a natureza do término ou prazo (artigo 48.3 LPAC).

No caso que nos ocupa, dado que os acordos da Mesa de Contratación non poñen fin á vía administrativa, por ter superior xerárquico (a Xunta de Goberno local), procede a interposición dun recurso de alzada (artigo 121 LPAC).

Non concorre no mesmo ningunha das causas de nulidade previstas no artigo 62 da LRJAP, en consecuencia, hai que deducir que o recorrente impugna o acordo amparándose na súa suposta anulabilidade.

En canto aos **requisitos subxectivos**, dado que a lei non establece requisitos especiais para recorrer en alzada, hai que estar ás regras xerais en materia de lexitimación. Así, poderá recorrer en alzada calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos se viran prexudicados ou poidan resultar afectados polos actos obxecto de recurso (artigo 4.1.a LPAC). En consecuencia, hai que recoñecer lexitimación a CONSTRUCCIONES VALE, S.L. por ser titular de dereitos ou intereses lexítimos na súa calidade de licitador.

A representación da recorrente, D^a. Laudelina Domínguez Cerdeira, non se acredita no escrito de interposición se ben esta Administración ten constancia do seu poder de representación mediante comprobación no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura inscrita CONSTRUCCIONES VALE, S.L. co número 2.318.

Respecto aos **requisitos formais**, a lei determina que o recurso poderá interperse ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo (artigo 121.2 LPAC). O recurso interponse directamente ao órgano competente para resolvelo, a Xunta de Goberno local.

Esixe o artigo 115.1 da LPAC que o escrito de interposición do recurso exprese as seguintes circunstancias:

- O nome e apelidos do recorrente, así como a súa identificación persoal
- O acto que se recorre e a razón da súa impugnación
- Lugar, data, firma do recorrente, identificación do medio e, no seu caso, do lugar que se sinale para os efectos de notificacións
- Órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixe e o seu correspondente código de identificación
- As demais particularidades esixidas, no seu caso, polas disposicións específicas

Circunstancias que concorren neste caso.

Respecto os **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo para a interposición do recurso de alzada dun mes, se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa (artigo 122.1 LPAC). Dado que o acordo recorrido é de data 19 de febreiro de 2018 e se notificou ao interesado o 20 de febreiro, a interposición do recurso de reposición o 21 de febreiro realizouse en prazo.

Tendo en conta que o recurso reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esixidos pola lei procede a súa admisión e deberá resolverse sobre o seu fondo.

-III-

Tramitación do recurso



Concello de Vigo

En relación coa tramitación do recurso, a lei límitase a establecer un **trámite de audiencia**, no que os interesados poderán formular alegacións e presentar os documentos e xustificantes que estimen procedentes.

Este trámite de audiencia procederá (artigo 118 LPAC) nos seguintes casos:

- Cando haxan de terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario (artigo 118.1 LPAC).
- Se houbese outros interesados (artigo 118.2 LPAC).

En base ao anterior, deuse audiencia aos demais licitadores presentados a este procedemento, mediante escrito enviado o 27 de febreiro de 2018, para que puidesen alegar o que estimen pertinente.

Durante o prazo concedido, non se presentaron alegacións.

Respecto á **resolución do recurso**, a lei establece que deberá estimar en todo ou en parte, ou desestimar as pretensións formuladas ou ben declarar a súa inadmisión (artigo 119.1 LPAC). É competente para resolver o recurso de alzada o superior xerárquico do órgano que ditou o acordo, quen decidirá cantas cuestións, tanto de forma como de fondo, expoña o procedemento, sexan ou non alegadas polos interesados. Neste último caso oíráselles previamente. No entanto, a resolución será congruente coas peticións formuladas polo recorrente, sen que en ningún caso poida agravarse a súa situación inicial (artigo 119.3 LPAC).

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será de tres meses (artigo 122.2 LPAC).

-IV-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

Indica a recorrente que presentou a súa proposición o 13 de febreiro de 2018 na oficina de correos de Ponteareas ás 19:54:52 e que enviou un fax ao número (986 22 62 06) desde a propia oficina de correos o mesmo día ás 19:58:51 co seguinte contido:

- *“Carátula onde indicaba o expediente a obra e o licitadora*
- *Xustificante de envío da documentación por correo*
- *Escrito selado por Correos a efectos de data de envío co contido do sobre*
- *Fotocopia coa carátula dos sobres enviados*

O envío foi realizado con éxito e sen incidencias aparentes”.

Expón:

- Que fixo en tempo e forma a comunicación por fax da presentación da oferta.
- Non lle consta a CONSTRUCCIONES VALE, S.L. que houbese problema algún no envío do fax dende a oficina de correos de Ponteareas.
- Se por parte do Concello de Vigo non se recibiu correctamente puido ser por problemas no equipo receptor Concello de Vigo, ante o grande número de ofertas que se presentaron ese día, ou no equipo emisor do fax dende a oficina de correos de Ponteareas. Non foi por erro ou unha omisión por parte de CONSTRUCCIONES VALE, S.L.

E solicita que se considere que cumpriu os requisitos de presentación da súa oferta (“presentación nunha oficina de correos antes da finalización do prazo” e “comunicación por fax ao Concello”) e se adopte un novo acordo pola Mesa de Contratación polo que se admita a súa oferta.

Analizaremos no fundamento xurídico seguinte as alegacións formuladas no escrito do recurso:

-V-

Do cumprimento dos requisitos de presentación da oferta

A forma de presentación das proposicións nos procedementos de licitación regúlase no artigo 80 do RXLCAP, que permite a presentación nas oficinas de correos, e nos mesmos termos se prevé no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación, na súa cláusula 12.4:

“Así mesmo, as proposicións poderán ser presentadas por correo. Só se admitirán as proposicións presentadas nas oficinas de Correos ata as 24 horas do último día do prazo establecido para a presentación de proposicións. En tal caso, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao Rexistro Xeral do Concello de Vigo a remisión da proposición mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos dez días seguintes á indicada data sen terse recibido a documentación enviada por correo, esta non será admitida en ningún caso”.

Tanto o Regulamento como o prego son claros ao sinalar que sen a concorrencia dos dous requisitos mencionados non se admitirá a documentación se é recibida con posterioridade á data e hora de terminación do prazo de presentación de ofertas.

Analízase a continuación se se cumpriron ambos os dous requisitos, tendo en conta que o prazo remataba o 13 de febreiro e a oferta foi recibida no Rexistro o 15 de febreiro (fóra de prazo):

- *xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos*

Consta na documentación presentada no Rexistro do Concello correspondente á proposición de CONSTRUCCIONES VALE, S.L. o selo da oficina de correos de data 13 de febreiro de 2018 (último día do prazo de presentación de ofertas). Este requisito resulta tamén acreditado na documentación que a recorrente achega co escrito de interposición do recurso. O cumprimento deste requisito non ofrece dúbida ningunha.

- *anunciar ao Rexistro Xeral do Concello de Vigo a remisión da proposición mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día*

Á vista do indicado no certificado do Rexistro Xeral de data 15 de febreiro de 2018 *“Así mesmo, o día 15 do presente, recibiuse unha oferta da empresa CONSTRUCCIONES VALE, S.L., sen que conste comunicación previa, agás un fax recibido o día 13, sen ningún contido, soamente coa data “13/02/2018” a hora e lugar de envío “20:03 PONTEAREAS” e o numero de Fax “ 986640637 82448”, non hai constancia de que CONSTRUCCIONES VALE, S.L. anunciara a remisión da súa proposición como esixen a normativa e o prego,*



Concello de Vigo

pois non consta que se recibira fax ningún que identifique ao licitador nin o contido do propio fax.

No Anexo II do escrito de interposición “Xustificante de envío de fax” consta un documento de correos “FAX NACIONAL” no que figuran, entre outros datos, o expedidor “CONSTRUCCIONES VALE, S.L.”, o destinatario o “Rexistro Xeral” “Concello de Vigo” e o seu número de fax “986 22 62 06”, e un número de envío “NB00034622562”. Xunto con ese documento achégase outro de “seguimento fax aplicación correos”, referido ao citado número de envío, onde consta “último estado del envío: Admitido” “El envío ha tenido admisión en origen 13 Febrero 2018/19:58:51”. Segundo o localizador de envíos de correos, os pasos polos que deben pasar os envíos son os seguintes: Pre-admisión / En camiño / En entrega / Entregado. En consecuencia, queda de manifesto na propia documentación achegada pola recorrente, que ese fax non foi entregado.

No entanto, como se indicou no antecedente quinto deste informe, polo Servizo de Contratación solicitouse informe ao Servizo de Administración Electrónica para que informase sobre se o fax ao que se refire a recorrente no seu escrito foi recibido neste Concello.

Confírmase no citado informe que non houbo ningún problema no sistema municipal de recepción de fax que puidese xerar incidencias e que o fax recibido neste Concello, no mesmo día e na hora (aproximada) indicada pola recorrente, non permite deducir que se trate da comunicación dun licitador para participar nun procedemento de contratación.

O contido deste fax non coincide en absoluto co contido indicado pola recorrente no Anexo III do escrito de interposición. Tampouco achega a recorrente ao escrito de interposición o “informe confirmación transmisión” ou reporte de actividade que permita acreditar o correcto envío do fax.

Indica o Acordo 42/2015, do 31 de marzo, do Tribunal Administrativo de Contratos de Aragón (RE 031/2015) polo que se desestima un recurso nun suposto similar no que se recibiu un fax ilexible, que o licitador *“ao presentar a súa documentación por correo, debeu cerciorarse do cumprimento dos requisitos esixidos nesta modalidade de presentación. E as consecuencias da súa falta de dilixencia, en comprobar e verificar a correcta documentación do fax, non pode trasladalas ao órgano de contratación”*.

En liña co anterior e respecto do exposto pola recorrente cando di *“Se por parte do Concello de Vigo non se recibiu correctamente puido ser por problemas no equipo receptor Concello de Vigo, ante o grande número de ofertas que se presentaron ese día, ou no equipo emisor do fax dende a oficina de correos de Ponteareas. Non foi por erro ou unha omisión por parte de CONSTRUCCIONES VALE, S.L.”*, cómpre sinalar:

- Respecto do equipo receptor:ponse de manifesto no informe do Servizo de Administración Electrónica que o sistema municipal de recepción de fax non presentou problemas que puidesen xerar incidencias.
- Respecto do equipo emisor (neste caso, o fax da oficina de Correos de Ponteareas): sinala a Resolución 327/2017, do 6 de abril, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales (recurso 177/2017) en relación cunha oferta presentada en correos e recibida transcorrido o prazo dos dez días que marca o artigo 80 da RXLCAP *“non pode tampouco ampararse a empresa recorrente en que se teña producido un mal funcionamento do servizo de correos, pois asumiu este risco”*.

Tendo en conta o anterior, non queda acreditado que a empresa CONSTRUCCIONES VALE, S.L. teña anunciado ao Rexistro Xeral do Concello de Vigo a remisión da súa proposición mediante télex, fax ou telegrama dentro do prazo de presentación de ofertas. En consecuencia, a recorrente non cumpriu un dos requisitos esixidos no artigo 80.2 do RXLCAP e na cláusula 12.4 do prego de cláusulas administrativas particulares, polo que non procede a súa admisión na licitación das obras de humanización da avenida Atlántida, tal e como acordou a Mesa de Contratación na sesión do 19 de febreiro de 2018.

**-VI-
Acordo**

O órgano competente para a resolución do recurso de alzada é o órgano superior xerárquico do que ditou o acto recorrido (artigo 121.1 da LPAC).

En base ao anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte **ACORDO**:

"1º.- Admitir o recurso de alzada interposto o 21 de febreiro de 2018 por Dª. Laudelina Domínguez Cerdeira, en representación de CONSTRUCCIONES VALE, S.L., no procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida Atlántida (expediente 5.105-440).

2º.- Desestimar o citado recurso, polas razóns expostas no fundamento xurídico quinto deste informe".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a a proposta contida no precedente informe.

9(304).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE GAS NATURAL PARA AS INSTALACIÓNS DOS COLEXIOS, ESCOLAS INFANTÍS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 17125/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 27/03/18, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e o concelleiro delegado da Área, e conformado pola titular da Asesoría Xurídica e o interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSPP).



Concello de Vigo

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPA).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do subministro de gas para as instalacións dos colexios, escolas infantís e dependencias do Concello de Vigo (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do subministro de gas para as instalacións dos colexios, escolas infantís e dependencias do Concello de Vigo (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local do Concello de Vigo (en adiante XGL), en data 26 de febreiro de 2016, acordou, entre outros extremos, aprobar o expediente de contratación do subministro de gas para as instalacións dos colexios, escolas infantís e dependencias do Concello de Vigo, así como os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares, e a apertura da licitación deste procedemento.

Segundo.- A XGL, en sesión de data 22 de xullo de 2016, acordou adxudicar a Gas Natural Comercializadora, S.A., o contrato de subministro de gas para as instalacións dos colexios, escolas infantís e dependencias do Concello de Vigo, por un prezo de 200.000 euros, IVE engadido. O prazo do contrato é de dous anos a contar desde o 5 de setembro de 2016.

Terceiro.- Por Auto do Xulgado do Mercantil núm. 3 de Pontevedra, de data 13 de novembro de 2017, ditado no procedemento de concurso ordinario núm. 418/2016, Sección V Convenio, da mercantil Pazo de Congressos de Vigo, S.A., abriuse a fase de liquidación do dito concurso, declarouse disolta a concursada e resolto, por ministerio da Lei, con efectos concursales (obrigacionais e crediticios no patrimonio da concursada) desde a dita resolución concursal, o relativo ao contrato concesional formalizado entre o Concello de Vigo e a concursada, asinado o 2 de maio de 2006.

No mesmo Auto dispónse o cese total da actividade de Pazo de congresos de Vigo, S.A. e a entrega da obra pública ao Concello de Vigo no prazo que finaliza o 31 de marzo de 2018.

A Xunta de Goberno Local en sesión de 9 de marzo de 2018 acordou a continuidade dos contratos de arrendamento concertados entre Pazo de Congressos e Borealis Hotels, S.A. para a implantación do hotel Eurostars Vigo e Organización de Ideas de Éxito, S.A. para a xestión e explotación do Auditorio-Pazo de Congressos de Vigo. Daquela, pasando á titularidade municipal a obra pública da que é actualmente titular pazo de Congressos de Vigo, S.A. e continuando a actividade da obra pública, resulta necesaria a modificación do

contrato actual de subministro de gas ao Concello de Vigo para atender o subministro de gas a esta nova dependencia municipal.

Cuarto.- A Xunta de Galicia ven de realizar unha adaptación da instalación de calefacción na Escola Infantil e Primaria Altamar, que pasa de ser alimentada con gasóleo a ser alimentada con gas natural. Como queira que o subministro de gas corresponde a esta Administración municipal procede a modificación do contrato actual de subministro de gas para as instalacións dos colexios, escolas infantís e dependencias do Concello de Vigo para incluír no contrato este subministro.

Quinto.- Realizouse adaptación a gas da caldeira do Parque Central de Santa Cristina, anteriormente, alimentada por gasóleo, polo que procede, igualmente a modificación do contrato para incluír neste o subministro a esta dependencia municipal.

Sexto.- A XGL, en data 15 de marzo de 2018, acordou aprobar o inicio do expediente de modificación do contrato de subministro de gas para as instalacións dos colexios, escolas infantís e dependencias do concello de Vigo, a proposta da xefa do servizo de Educación, o xefe da área de Servizos Xerais e a Concelleira delegada de Educación, para atender as necesidades detalladas nos antecedentes terceiro, cuarto e quinto deste informe.

Sétimo.- En data 15 de marzo de 2018, Dna. Laura Matute, en nome e representación do contratista, manifesta a súa conformidade á modificación proposta, no prazo de trámite de audiencia conferido ao efecto.

Oitavo.- En data 19 de marzo de 2018, o xefe da área de Servizos Xerais, responsable deste contrato, emite informe sobre os aspectos económicos desta modificación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Legislación aplicable

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a legislación á aplicar a esta modificación. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola legislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSPP) e Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSPP.

-II-

Da modificación dos contratos



Concello de Vigo

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección ós requisitos e efectos sinalados na mesma (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación so poderá modificar os contratos cando así se previu nos pregos ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP).

É dicir, a lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analizar os mesmos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ó redactar as mesmas. Así evítase conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación, principios que atópanse recollidos nos artigos 1 e 139 do TRLCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Por contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 106 TRLCSP):

- Os supostos en que poderá modificarse o contrato. Deberán definirse con total concreción por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva.
- As condicións da eventual modificación deberán precisarse cun detalle suficiente para permitir aos licitadores a súa valoración a efectos de formular a súa oferta e ser tomadas en conta no que se refire á esixencia de condicións de aptitude aos licitadores e valoración das ofertas.
- O alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar.
- O procedemento que haxa de seguirse para a modificación.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato cando concorran as seguintes circunstancias (apartado 16.C da FEC):

- Poderá ampliarse ou reducirse por incorporacións de novos subministros ao contrato, ou por desaparición doutros, cando se produzan incorporacións dos novos centros escolares ou outras dependencias do Concello non contempladas no PPTP. Ou en caso contrario, cando o subministro se vexa desafectado, ou o Concello modifique o seu sistema de subministro enerxético, e dentro dos límites legais establecidos.
- Un incremento da previsión de consumos indicada no prego de condicións técnicas particulares motivada por aspectos de maior uso das instalacións ou aspectos ambientais.

Se ben se establece como límite que a modificación non poderá superar o 20% do prezo de adxudicación do contrato (apartado 16.D da FEC).

No presente caso a modificación ven motivada porque resulta necesaria para atender o subministro de gas da nova dependencia municipal do Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo, do Colexio de Educación Infantil e Primaria Altamar, e do Parque Central de Santa Cristina, por canto realizouse a adaptación a gas da súa caldeira anteriormente alimentada por gasóleo.

Informa ó respecto o xefe da Area de Servizos Xerais, en data 19 de marzo de 2018, o seguinte:

“O contrato adxudicado establece en función os prezos unitarios dos consumos ata un importe máximo establecido en 200.000,00 € (IVE incluído) e coa aplicación as aplicacións orzamentarias; 3230.221.02.00 e 9200.221.03.00, polo cal a vista das necesidades económicas da incorporación destes tres novos centros dependentes do Concello de Vigo, e tendo en conta que o mesmo non supera o límite do 20 % do prezo do contrato que especifica o apartado 16.d das FEC, a distribución económica das mesmas necesaria sería de acordo cos seguintes datos:

Necesidades de crédito para a proposta de modificación:

- a. Aplicación orzamentaria 3230.221.02.00. Tendo en conta os consumos previstos e o importe previsto para o período vixente do contrato (ano 2018: 35.000,00 €) non e necesario incrementar os créditos iniciais.
- b. Aplicación orzamentaria 9200.221.03.00. Tendo en conta os consumos previstos e o importe previsto para o período vixente do contrato (ano 2018: 15.000,00 €) e necesario incrementar os créditos iniciais nun importe de 28.000,00 €”.

Do exposto despréndese que a modificación proposta acada o 14% do prezo do contrato, e atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación do mesmo, que é do 20% do seu prezo, segundo o disposto no apartado 16.D da FEC.

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración o ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Limites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigos 108.2 e 211.1 TRLCSP) e o informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 211.3.b TRLCSP). No caso de modificacións



Concello de Vigo

previstas no prego deberá seguirse o procedemento de modificación regulado no mesmo.

- Limites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Limites económicos: a obriga da Administración de compensar ó contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso evacuar trámite de audiencia ó contratista. Non é preciso solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto a modificación é dun 14 % do prezo primitivo do contrato.

Respecto dos límites materiais, ponse de releve que a modificación obedece a unha razón de interese público.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ó contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón.

Evacuado o trámite de audiencia ó contratista, este manifesta a súa conformidade coa modificación proposta, en escrito con data 15 de marzo de 2018. En consecuencia, procede formular proposta sobre a presente modificación ó órgano de contratación.

-IV-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ó que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, que é un municipio de gran poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ó titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 54.1.a LRJAP) e será precisa a súa formalización.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL).

-V-

Do reaxuste da garantía definitiva

O TRLCSP regula no seu Título IV o Réxime de garantías esixibles na contratación do

sector público. Na actualidade unicamente é preceptiva a esixencia de garantía definitiva. Se ben se permite que en casos especiais, o órgano de contratación poida establecer no prego de cláusulas que, ademais da garantía definitiva, préstese unha complementaria de ata un 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, podendo alcanzar a garantía total un 10 por 100 do prezo do contrato (artigo 95.2).

A garantía definitiva responde, segundo o artigo 100 do TRLCSP:

- a) Das penalidades impostas ao contratista conforme ao artigo 212.
- b) Da correcta execución das prestacións contempladas no contrato, dos gastos orixinados á Administración por demora do contratista no cumprimento das súas obrigacións, e dos danos e prexuízos ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.
- c) Da incautación que pode decretarse nos casos de resolución do contrato, de acordo co que nel ou nesta Lei estea establecido.
- d) Ademais, no contrato de fornezo a garantía definitiva responderá da inexistencia de vicios ou defectos dos bens fornecidos durante o prazo de garantía que se previu no contrato.

Esta garantía esexese aos que presenten as ofertas economicamente máis vantaxosas nas licitacións dos contratos que celebren as Administracións Públicas. A súa contía é dun 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido (artigo 95.1 do TRLCSP).

A súa constitución é requisito imprescindible para que se poida adxudicar o contrato ao licitador primeiro clasificado. De no constituírse no prazo concedido ó efecto, decaera o seu dereito á adxudicación do contrato, e o órgano de contratación adxudicará o contrato ó licitador seguinte, polo orde no que quedasen clasificadas as ofertas (artigo 99 en relación co artigo 151 do TRLCSP).

Co obxecto de manter a integridade da garantía definitiva, se prevé a súa reposición e reaxuste nos seguintes casos:

- No caso de que se fagan efectivas sobre a garantía as penalidades ou indemnizacións esixibles ó adxudicatario (artigo 99.2 do TRLCSP).
- Cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o prezo do mesmo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado (artigo 99.3 do TRLCSP).

En consecuencia, procede reaxustar a garantía definitiva, unha vez aprobada a presente modificación con carácter previo a súa formalización.



Concello de Vigo

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

ACORDO:

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Modificar o contrato de subministro de gas natural para as instalacións dos Colexios, Escolas Infantís e dependencias do Concello de Vigo, nos termos reflectidos no informe do enxeñeiro xefe de Servizos Xerais de data 19 de marzo de 2018, incluíndo no mesmo as instalacións do Pazo de Congressos, o Parque de Santa Cristina e o CEIP Altamar. A modificación representa un 14% do prezo primitivo do contrato.

2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación consonte ao seguinte cadro:

- Colexio Educación Infantil E Primaria Altamar: estimación de gasto máximo período 01/04/2018 – 01/09/2018, 350,00 €.*
- Parque Central: estimación de gasto máximo período 01/04/2018 – 01/09/2018, 3.000,00 €.*
- Pazo De Congressos estimación de gasto máximo período 01/04/2018 – 01/09/2018, 25.000,00 €.*

O gasto imputarase a aplicación orzamentaria 9200.221.03.00. Tendo en conta os consumos previstos e o importe previsto para o período vixente do contrato (ano 2018: 15.000,00 €) e necesario incrementar os créditos iniciais nun importe de 28.000,00 €.

3º.- Reaxustar a garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.

4º.- Formalizar por escrito a presente modificación, incorporando o informe técnico do enxeñeiro xefe de Servizos Xerais de data 19 de marzo de 2018.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(305).- CONTINUIDADE DOS CONTRATOS DE XESTIÓN INTEGRAL DA OBRA PÚBLICA E DO APARCADOIRO DA MESMA DO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS. EXPTE. 1750/330.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27/03/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo responsable do contrato, e o concelleiro delegado da Área de Cultura, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Por Auto do Xulgado do Mercantil núm. 3 de Pontevedra, de data 13 de novembro de 2017, ditado no procedemento de concurso ordinario núm. 418/2016 Sección V Convenio, abriuse a fase de liquidación do dito concurso, declarouse disolta a concursada e resolto, por ministerio da Lei, con efectos concursales desde a dita resolución concursal, o relativo ao contrato concesional formalizado entre o Concello de Vigo e a concursada, asinado o 2 de maio de 2006.

No mesmo Auto dispónse o cese total da actividade de Pazo de congresos de Vigo, S.A. e a entrega da obra pública ao Concello de Vigo no prazo que finaliza o 31 de marzo de 2018.

Segundo.- Con data 6 de febreiro de 2018, o administrador concursal presentou ante esta administración municipal escrito no que tras expoñer as actuacións producidas no procedemento concursal ata chegar ao auto de liquidación da concursada, arriba referido, ditado no procedemento do concurso, relaciona todos os contratos —de seguro, subministro, mantemento e alugamento— asinados por Pazo de Congresos de Vigo, S.A. para o mantemento e explotación da obra pública, con indicación dos seus principais elementos, aos efectos de proceder a coordinación entre a concursada e o Concello de Vigo para dar traslado a este da xestión e da posesión da obra pública.

Terceiro.- Os devanditos contratos son os que seguen:

a) Contratos de subministro e de seguro

(i) Contrato para o subministro de enerxía eléctrica ás instalacións de Pazo de Congresos de Vigo, S.A. asinado entre Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e ENDESA, o 11 de abril de 2017, relativo ao subministro de enerxía eléctrica á instalación sita en Avenida Beiramar 57, Vigo.

(ii) Contrato de subministro asinado con Gas Natural, con número de CUP ES0224050034556977QP, para o subministro de enerxía eléctrica ao edificio do Auditorio- Pazo de Congresos, sinalado co número 59 da Avda. De Beiramar, en Vigo.

(iii) Contrato de subministro de auga e saneamento asinado con Aqualia.

(iv) Póliza de seguro de responsabilidade civil, número 061 0000759, asinada con QBE Insurance Ltd, suplemento nº 6, que cubre o primeiro trimestre do 2018 sendo a prima 2.461,66 euros.

(v) Póliza de seguro de danos materiais, número SP040000479.17, asinada coa mercantil Royal & Sun Alliance que cubre o primeiro trimestre do 2018, sendo a prima 8.725,01 euros.

b) Contratos de mantemento e xestión.



Concello de Vigo

(vi) Contrato de prestación de servizos, asinado entre Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e Valoriza Facilities, S.A.U., o 1 de xaneiro de 2015, para a xestión integral dos edificios do complexo Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo e zonas complementarias. A xestión integral comprende a supervisión, control e coordinación dos servizos, o mantemento das instalacións, a limpeza e a seguridade dos edificios.

O prezo pactado no contrato é de 177.056,20 euros anuais, IVA non incluído.

O contrato prevé un prazo inicial dun ano que rematou o 31 de decembro de 2015 e prórrogas sucesivas tácitas anuais, nas que o prezo revisárase conforme ao IPC.

Con data 15 de decembro de 2015, Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e Valoriza Facilities, S.A.U. asinaron unha addenda ao anterior contrato co fin de estender a prestación dos servizos obxecto deste á zona de oficinas, de proximo destino a sede da Aula da UNED en Vigo. O prezo desta ampliación da prestación inicialmente contratada ascendía a 24.389 euros ao ano, IVE excluído.

(vii) Contrato de prestación de servizos asinado entre Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e Valoriza Facilities, S.A.U. o 1 de xaneiro de 2015, relativo á xestión integral do aparcadoiro público do Complexo do Auditorio-Pazo de Congresos Mar de Vigo, xestión integral que comprende a supervisión, control e coordinación dos servizos, o mantemento das instalacións, a limpeza e a seguridade do aparcadoiro, e a atención e operación do centro de cobro e a xestión dos caixeiros automáticos.

O prezo pactado no contrato é de 35.932,59 euros anuais, IVA non incluído.

O contrato prevé un prazo inicial dun ano que rematou o 31 de decembro de 2015 e prórrogas sucesivas tácitas anuais, nas que o prezo revisárase conforme ao IPC.

O Administrador concursal canto ao prezo e a situación acreedora fai constar o que segue:

«Precio mensual. El importe mensual es de 15.175,32 euros por el complejo del auditorio, 1.264,36 euros por las oficinas y 1.492,95 euros como se deduce las facturas adjuntas de diciembre de 2017.

Situación acreedora. La concursada debe los últimos dos meses de facturación como créditos contra la masa y el importe de 87.191,20 euros como créditos concursales».

c) Contratos de arrendamento.

(viii) O 17 de febreiro de 2014 Pazo de Congresos de Vigo, S.A. asinou un contrato de arrendamento do edificio con destino a hotel con BOREALIS HOTELS SLU e HOTELES TURISTICOS REUNIDOS, S.A. (HOTUSA).

O prazo do arrendamento finaliza o 31 de marzo de 2021 sen que se prevean prórrogas.

A renda do arrendamento componse dunha renda fixa que forma parte doutra renda variable.

A renda fixa é, na actualidade, de 40.616,34 euros, segundo a copia da factura que adxunta o administrador concursal. Esta renda actualízase anualmente con arranxo ao IPC.

A renda variable será esixible aos 20 días da finalización de cada ano do contrato e consistirá no importe que resulte de aplicar o 22% a facturación neta anual por todos os conceptos de explotación do hotel, minorada na renda fixa ou mínima garantida en cómputo anual do ano en curso e so se devindicará cando esta cifra sexa positiva.

O administrador concursal informa que a arrendataria non debe ningunha renda a data da presentación do seu escrito

(ix) Coa mesma data que o anterior, o 17 de marzo de 2014, Pazo de Congresos de Vigo, S.A. asinou un contrato de arrendamento dos espazos destinados a Auditorio-Palacio de Congresos do complexo e do local, de aproximadamente 579 m² de superficie, destinado a cafetería, na cota + 8.5, con ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L. que sucedeu a Congrevigo, S.L. na explotación do no Auditorio-Pazo de Congresos.

O prazo de duración inicial finaliza o 28 de febreiro de 2019. O contrato prevé prorrogas sucesivas obrigadas para o arrendador e potestativas para o arrendatario, por períodos de cinco anos e una última de menor prazo ata a fin da concesión.

A renda do contrato componse dunha renda fixa e outra variable.

A renda fixa inicial esixible durante o primeiro ano de duración do contrato é a de 10.000€ ao mes. Nos restantes anos a renda fixa será a que resulte da súa actualización conforme ao IPC.

A renda variable é do 25% da facturación bruta anual da explotación das salas, o 8% da facturación bruta anual correspondente aos servizos de catering e o 8% da facturación bruta anual por alugamento de medios audiovisuales e outros servizos prestados.

O administrador concursal no seu escrito fai constar canto a renda e a situación debedora que:

«Renta actual. En la actualidad la renta es de 15.029,72 euros como se deduce de la copia de la factura de enero 2018 que adjunto.

Situación deudora. Debe un mes (18.186 €) más la refacturación del IBI del 2017 (68.196 €) que se la acabamos de hacer hace unos días».

(x) Finalmente, con data de 16 de diciembre de 2015, o Concello de Vigo e Pazo de Congresos de Vigo, S.A. asinaron un “Contrato de arrendamento das superficies da zona complementaria do Auditorio-Palacio de Congresos Mar de Vigo, con destino a sede da aula do centro asociado da UNED de Pontevedra en Vigo”, sobre as superficies das plantas primeira, segunda e terceira, da zona inicialmente destinada a oficinas, no edificio do Auditorio-Palacio de Congresos, e seis prazas de aparcamiento; contrato que sigue en vigor e cuxa renda actual é de 45.263, 35 euros mensuais.

Cuarto.- Con data 9 de febreiro de 2018, este responsable do contrato da concesión deu traslado do contrato de arrendamento, asinado entre Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e Organización de Ideas de Éxito, S.A., para a xestión do Auditorio-Pazo de Congresos Mar de Vigo á Área de Cultura do Concello e solicitou desta informe sobre a conveniencia e oportunidade de que o Concello de Vigo resolva ou continúe o dito contrato. Asimesmo, con data 14 de febreiro, este responsable do contrato da concesión solicitou do administrador concursal



Concello de Vigo

copias das condicións particulares dos contratos de seguro en vigor ata o 31 de marzo de 2018 e dos contratos de subministro de enerxía eléctrica á obra pública, asinados con Endesa e Gas Natural, así como aclaracións en relación cos contratos de servizos, asinados por Pazo de Congressos de Vigo, S.A. con Valoriza Facilities SAU, para a xestión integral do conxunto da obra pública e do aparcadoiro nela existente.

Quinto.- A Xunta de Goberno Local, con data 9 de marzo de 2018, en base as consideracións que se conteñen na parte expositiva do acordo, dispuxo a continuación e non resolución, a partir do 31 de marzo de 2018, do contrato de arrendamento concluído o 17 de febreiro de 2014, entre Pazo de Congressos de Vigo, S.A. e Borealis Hotels S.L.U. e Hoteles Turísticos Unidos, S.A., para a explotación do hotel sito no Complexo Auditorio-Pazo de Congressos de Vigo, na Avda de Beiramar núms. 57-59 de Vigo; a continuación e non resolución, a partir da mesma data, do contrato de arrendamento concluído o 17 de febreiro de 2014, entre Pazo de Congressos de Vigo, S.A. e Organización de Ideas de Éxito, S.L. para a explotación e xestión das zonas destinadas a auditorio e pazo de congresos e da zona de aproximadamente 579 m² de superficie, destinada a cafetería, na cota + 8.5 da obra pública, sitas no Complexo Auditorio-Pazo de Congressos de Vigo, na Avda de Beiramar núms. 57-59 de Vigo; a continuación e non resolución, a partir do 31 de marzo de 2018, e a automática extinción, a partir desa mesma data, por confusión na persoa do Concello de Vigo das cualidades de arrendador e arrendatario, do contrato de arrendamento concluído entre esta Administración municipal e Pazo de Congressos de Vigo, S.A. para destinar a zona destinada a oficinas do complexo á Aula da UNED en Vigo; e a continuación e non resolución do contrato de subministro e saneamento de auga concluído pola concursada coa concesionaria do servizo público de abastecemento e saneamento de auga, sen prexuízo da instalación dos contadores individuais que procedan.

Sexto.- A Xunta de Goberno Local non se pronunciou sobre a continuidade dos demais contratos á espera de que polo administrador concursal se dera contestación á solicitude municipal de información e de aclaracións que vai dita; contestación que tivo lugar a medio de escrito que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, o 9 de marzo de 2018, ao que se achegaron as condicións particulares dos contratos de seguro concertados por Pazo de Congressos de Vigo, S.A. e copias de facturas por consumos de enerxía eléctrica e de gas, satisfeitas pola concursada polos contratos de subministro dos que é titular esta.

Desta comunicación resulta a existencia de varios contratos de subministro de enerxía eléctrica a diferentes zonas da obra pública e dun único contrato de subministro de gas para a mesma.

Sétimo.- Canto aos contratos para a xestión integral da obra pública e do aparcadoiro sito no soto da obra pública, concertados por Pazo de Congressos de Vigo, S.A.U. e Valoriza Facilities, S.A., con data 1 de xaneiro de 2015, o administrador concursal, no seu escrito de 9 de marzo de 2018, fai constar o que segue:

«1. Que con fecha 9 de junio de 2017 se presentó ante ese Juzgado los Textos Definitivos de la concursada. En dichos Textos Definitivos en la Lista de Acreedores aparece la mercantil VALORIZA FACILITIES, S.A.U. con CIF A83709873 con un crédito de 87.191,20€ clasificado como crédito subordinado.

2. Que dicho importe corresponde a un crédito concursal derivado de facturas anteriores a la declaración del concurso y que a esa fecha la concursada no había satisfecho el pago (...)

3. Que ese crédito es único y exclusivamente de la mercantil Pazo de Congresos de Vigo, S.A. que satisfará, en su caso, en la fase de liquidación del concurso.

4. Que el Ayuntamiento de Vigo y la mercantil que represento, están coordinando la entrega de las infraestructuras de la concesión "Auditorio-Pazo de Congresos" así como los contratos de explotación los cuales, en su caso, dicho Ayuntamiento respetará. Y en concreto, aunque el Ayuntamiento respete los contratos de VALORIZA, no asume la deuda concursal de 87.191,20 euros, crédito concursal exclusivo de la concursada que represento».

Doutra parte, con data, tamén, de 9 de marzo de 2018, o administrador concursal remitiu a este informante as aclaracións a estes contratos que de seguido se transcriben, realizadas polo responsable en Vigo da prestadora do servizo, que seguen:

«Referente al contrato denominado integral, el importe del mismo, se ha incrementado 200 €/mes en concepto de localización del técnico de Mto. 24 h/365 días al año ya que el contrato original no contemplaba este servicio.

Además de esto se ha procedido a incorporar el ascensor que hemos visto hoy en la visita para acceso de minusválidos con su respectiva línea telefónica además de la línea del segundo montacargas, esto supone un coste adicional de 439,80 €/mes de mto. del ascensor y 50 €/mes de las líneas telefónicas.

Referente al contrato del parking, la facturación de conserjería de 17.160 € es una previsión para refuerzos de personal cuando se realizan eventos. Al terminar los eventos, para la salida de vehículos del parking, el cobro de tickets, etc. se dispone un refuerzo y se factura en función del número de horas realizadas al precio establecido en el contrato".

Dos prezos consignados nos contratos de xestión integral do conxunto da obra pública e do aparcadoiro, concertados por Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e Valoriza Facilities, S.A.U. o 1 de xaneiro de 2015, actualizados a esta data coa aplicación do IPC xeral, incrementados o de xestión integral do conxunto da obra pública coas cantidades arriba indicadas e o de xestión integral do aparcadoiro cos custes dos eventuais reforzos para o funcionamento do aparcadoiro nos días de eventos no Auditorio, resultaría un gasto máximo estimado para o Concello de Vigo, de acordarse a continuidade destes contratos polo que resta de ano, de 170.102,7 euros (IVE excluído), para o contrato de xestión integral da obra pública e de 40.708,7 euros, polo mesmo prazo, para o de xestión integral do aparcadoiro.

Oitavo.- Por último, a correduría de seguros Artai, adxudicataria do contrato municipal de mediación en materia de seguros, á vista das pólizas de seguros cos que contan na actualidade Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e Borealis Hotels, S.L.U. e Organización de Ideas de Éxito, S.A. informa a este responsable do servizo que unha vez revirta a concesión ao concello de Vigo e pase a ser un ben municipal, a responsabilidade civil inmobiliaria —a derivada da propiedade que non da explotación dos inmobles— quedaría cuberta pola póliza de responsabilidade civil do Concello, pero que chegado o 31 de marzo a obra pública carecería de seguro de danos para o continente nin para o contido do hotel.

Sétimo.- Incorpóranse ao expediente:



Concello de Vigo

— Escrito do administrador concursal de data 8 de marzo de 2018, en relación coas débedas de Pazo de Congressos con Valoriza Facilities, S.A.U. e copias das polizas de seguros e das facturas por subministrados para a obra pública, achegadas polo administrador concursal.

— Aclaracións aos contratos de xestión integral da obra pública e do aparcadoiro realizadas polo responsable en Vigo de Valoriza Facilities, S.A.U, remitidas polo administrador concursal por correo electrónico.

— Comunicación, por correo electrónico, da correduría de seguros Artai en relación coas pólizas de seguro da obra pública.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Tal e como se expón no acordo do pasado 9 de marzo, polo que se declara a continuidade dos contratos de arrendamento concertados pola concursada para a explotación da obra pública, o artigo 266.5 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas dispón que «El órgano de contratación podrá acordar también, como consecuencia de la resolución de la concesión, la resolución de los contratos otorgados por el concesionario para el aprovechamiento de las zonas complementarias de explotación comercial, abonando la indemnización que en su caso correspondiera. Esta indemnización será abonada con cargo al concesionario cuando la resolución se produjera como consecuencia de causa imputable a éste. Cuando no se acuerde la resolución de los citados contratos, los titulares de los derechos de aprovechamiento seguirán ejerciéndolos, quedando obligados frente al órgano de contratación en los mismos términos en que lo estuvieran frente al concesionario, salvo que se llegara, de mutuo acuerdo, a la revisión del correspondiente contrato»; precepto que entendemos aplicable, pola razóns expostas no dito acordo, non so aos contratos outorgados polo concesionario para o aproveitamento das zonas complementarias de explotación comercial senón, tamén, aos contratos de explotación comercial da propia obra pública.

SEGUNDO.- Como tamén dicimos no dito acordo, sen prexuízo da resolución administrativa e eventualmente xurisdiccional que se adopte en relación coa causa de resolución do contrato e, daquela, en orden á liquidación do mesmo, no particular relativo a se a causa da resolución da concesión é ou non o incumprimento pola concesionaria e accionistas das obrigas contractuais esenciais asumidas a virtude do contrato de concesión, como queira que a obra pública vai pasar á posesión e plena titularidade do Concello de Vigo, procede que esa Administración municipal se pronuncie sobre a resolución ou continuación dos contratos actualmente en vigor para a explotación da obra pública e as súas zonas complementarias concertados, no seu día, por Pazo de congresos de Vigo, S.A..

TERCEIRO.- O presente informe se referirá, segundo vai dito, aos contratos concluídos para a explotación comercial da obra pública, respecto respecto de cuxa continuidade máis alá do 31 de marzo de 2018 non se pronunciou a Xunta de Goberno Local, e aos contratos de subministro que en puridade non son contratos de explotación comercial.

CUARTO.- Canto ás subministracións de gas e electricidade, procede a inclusión destes nos vixentes contratos de subministro de gas e electricidade adxudicados polo Concello de Vigo á Gas Natural Comercializadora, S.A., previa modificación, no caso do subministro de gas, do contrato en vigor, para incorporar esta nova dependencia municipal a este contrato; expediente de modificación contractual que xa foi iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local do pasado 15 de marzo, a cuxo fin se realizarán ás actuacións necesarias.

QUINTO.- No que se refire aos contratos de seguro, tal e como vai dito, unha vez revirta a concesión ao Concello de Vigo e pase a ser un ben municipal, a responsabilidade civil inmobiliaria —a derivada da propiedade que non da explotación dos inmobles— quedaría cuberta pola póliza de responsabilidade civil do Concello, pero chegado o 31 de marzo a obra pública carecería de seguro de danos para o continente nin para o contido do hotel, polo que procede dispoñer que pola Área de Patrimonio se proceda a contratación do dito seguro.

SEXTO.- Por último, no que atinxe aos contratos de xestión integral, considérase procedente acordar a súa continuación ata o fin da prórroga que terá lugar o 31 de decembro do ano en curso a fin de evitar calquera entorpecemento e alteración na prestación do servizo e dispoñer que pola Área de Patrimonio se proceda a tramitación do expediente para a adxudicación en concurrencia pública da contratación da prestación destes servizos a partires do 1 de xaneiro de 2019.

O gasto que implica a continuidade destes contratos poderá autorizarse e comprometerse a favor de Valoriza Facilities, S.A.U. imputándoo ao programa 3331, dentro da bolsa de vinculación 21, previa tramitación dunha transferencia de crédito entre a aplicación 3231.2020000, que terá un saldo dispoñible de 492.917,89 euros —unha vez se extinga o contrato de arrendamento do Concello de Vigo das zona de oficinas da obra pública para a Aula da UNED en Vigo e se anule a autorización-disposición do gasto con cargo a dita aplicación para tal fin— á aplicación 3331.2120000.

SÉTIMO.- Polo que se refire aos ingresos do Concello de Vigo polo aparcadoiro da obra pública, estes estímense en 31.197 euros para o que resta de ano; rendas que xunto coas que vai a pasar a percibir a Administración municipal polos arrendamentos cuxa continuidade se aprobou pola Xunta de Goberno Local na devandita sesión do pasado 9 de marzo, aplicaránse ao artigo 55 da actual estrutura orzamentaria aprobada por Orden EHA 3565/2008.

OITAVO.- O órgano competente para acordar a resolución ou continuación dos contratos de referencia é, de acordo co artigo 266.5 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e previo informe da Intervención Xeral Municipal, o órgano de contratación, isto é a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, ao abeiro do disposto na súa disposición adicional 2.3.

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Dispoñer a inclusión das subministracións de gas e electricidade á obra pública Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo e zonas complementarias, das que é titular Pazo de Congresos de Vigo, S.A., dentro das propias dos vixentes contratos de subministro de gas e electricidade adxudicados polo Concello de Vigo á Gas Natural Comercializadora, S.A., previa modificación, no caso do subministro de gas, do contrato en vigor, para incorporar esta nova dependencia municipal ao contrato.

Segundo.- Dispoñer a continuación e non resolución, a partir do 31 de marzo de 2018, dos contratos de xestión integral do conxunto da obra pública Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo e zonas complementarias e da xestión integral do aparcadoiro sito na mesma, concertados por Pazo de Congresos de Vigo, S.A. o 1 de xaneiro de 2015 con Valoriza Facilities, S.A.U., ata o 31



Concello de Vigo

de decembro de 2018 e dispoñer así mesmo que polos servizos da Área de Patrimonio e, de se lo caso, polos servizos da Área de Seguridade e Mobilidade se proceda a iniciar expediente para a adxudicación en procedemento de pública concorrencia da contratación das prestacións obxecto dos mesmos.

Terceiro.- Autorizar e comprometer a favor de Valoriza Facilities, S.A.U. o gasto que comporta o pago de prezo do contrato cuxa continuidade se aproba, por importe máximo de 240.000 euros, imputándoo ao programa 3331, dentro da bolsa de vinculación 21, previa tramitación dunha transferencia de crédito entre a aplicación 3231.2020000 con saldo dispoñible de 492.917,89 euros —previa a anulación da autorización-disposición do gasto para o pago do arrendamento municipal das oficinas da obra pública para a Aula UNED en Vigo, por extinción deste contrato— á aplicación 3331.2120000.

Os ingresos do Concello de Vigo polo aparcadoiro da obra pública, que se estiman en 31.197 euros para o que resta de ano e as rendas que vai a pasar a percibir a Administración municipal polos arrendamentos cuxa continuidade se aprobou pola Xunta de Goberno Local na devandita sesión do pasado 9 de marzo, aplicaránse ao artigo 55 da actual estrutura orzamentaria aprobada por Orden EHA 3565/2008.

Cuarto.- Dispoñer que pola Área de Patrimonio do Concello de Vigo se proceda á contratación dun seguro de danos para a obra pública.

Quinto.- Dese conta do presente acordo ás Áreas municipais de Educación, Patrimonio, Seguridade e Mobilidade, Fomento, Limpeza e Contratación e notifíquese o mesmo aos interesados con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(306).- PROPOSTA DE ANULACIÓN DA AUTORIZACIÓN E DISPOSICIÓN DE GASTO PARA O PAGO DO ARRENDAMENTO DA ZONA DE OFICINAS DO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS DE VIGO CON ZONAS COMPLEMENTARIAS, PARA A SEDE DA AULA DA UNED EN VIGO. EXPTE. 21915/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 27/03/18, asinado polo responsable do contrato de concesión da obra pública, a xefa do Servizo de Educación, a concelleira delegada de Educación, o concelleiro

delegado de Orzamentos e Facenda, e fiscalizado e conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

Por Auto do Xulgado do Mercantil núm. 3 de Pontevedra, de data 13 de novembro de 2017, ditado no procedemento de concurso ordinario núm. 418/2016 da mercantil Pazo de Congressos de Vigo, S.A., titular da concesión para a construción e explotación da obra pública auditorio-Pazo de Congressos de Vigo, con zonas complementarias na Avda. de Beiramar núms. 57-59 en Vigo, abriuse a fase de liquidación do dito concurso, declarouse disolta a concursada e resolto, por ministerio da Lei, con efectos concursales desde a dita resolución concursal, o relativo ao contrato concesional formalizado entre o Concello de Vigo e a concursada, asinado o 2 de maio de 2006.

No mesmo Auto dispónse o cese total da actividade de Pazo de Congressos de Vigo, S.A. e a entrega da obra pública ao Concello de Vigo no prazo que finaliza o 31 de marzo de 2018.

Doutra parte, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión de 9 de marzo pasado, dispuxo a continuación e non resolución, a partir do 31 de marzo de 2018, e a automática extinción, a partir desa mesma data, por confusión na persoa do Concello de Vigo das cualidades de arrendador e arrendatario, do contrato de arrendamento concluído entre esta Administración municipal e Pazo de Congressos de Vigo, S.A. para destinar a zona destinada a oficinas do complexo á Aula da UNED en Vigo; e con data do 22 de marzo seguinte o responsable do contrato propón á Xunta de Goberno Local a continuación e non resolución, a partir do 31 de marzo de 2018, dos contratos de xestión integral do conxunto da obra pública Auditorio-Pazo de Congressos de Vigo e zonas complementarias e da xestión integral do aparcadoiro sito na mesma, concertados por Pazo de Congressos de Vigo, S.A. o 1 de xaneiro de 2015 con Valoriza Facilities, S.A.U., ata o 31 de decembro de 2018 e autorizar e comprometer a favor de Valoriza Facilities, S.A.U. o gasto que comporta o pago de prezo do contrato de cuxa continuidade se trata, por importe máximo de 240.000 euros, imputándoo ao programa 323.1, dentro da bolsa de vinculación 22, previa tramitación dunha transferencia de crédito entre a aplicación 323.1.2020000 con saldo dispoñible de 492.917,89 euros —previa a anulación da autorización-disposición do gasto para o pago do arrendamento municipal das oficinas da obra pública para a Aula UNED en Vigo, por extinción deste contrato— á aplicación 323.1.2219900.

Así as cousas, propónse a Xunta de Goberno Local, ao abeiro do disposto no artigo 127.1.g) TRLRBRL, a adopción do seguinte

ACORDO

Anular a autorización e disposición de gasto acordada con cargo á aplicación orzamentaria 3231. 2020000 para o pago do arrendamento da zona de oficinas do Auditorio-Pazo de Congressos de Vigo con zonas complementarias na Avda. de Beiramar núms. 57-59 para a sede da Aula da UNED en Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

12(307).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO, PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DA RECONQUISTA 2018. EXPTE. 7412/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22/03/18 e o informe de fiscalización do 23/03/18, dáse conta do informe-proposta do 19/03/18, da xefa do servizo de Festas, conformado pola concelleira-delegada da área de Festas e Turismo e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

INFORME.

A concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu en data 19 de marzo de 2018 que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio coa Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, para a organización da Festa da Reconquista 2018, que terá lugar no barrio histórico de Vigo os vindeiros 7 e 8 de abril.

Dende o ano 1994, a Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, inscrita no Rexistro municipal de asociacións co nº 49, vén colaborando co Concello de Vigo na organización e produción deste evento, acadando unha importante labor de recuperación e revitalización dunha festividade declarada de interese polo consello da Xunta de Galicia o 26 de marzo de 2012. A entidade é propietaria da marca "Festa da Reconquista", conforme o Título de Rexistro da marca que consta no expediente.

A Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo está en condicións de organizar a presente edición da Festa da Reconquista, conforme ao Programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos do texto do convenio.

Coa devandita iniciativa, contribúese a coñecer a historia da cidade dun xeito lúdico, fomentado a participación da cidadanía nestas actividades e recoñecendo a este Barrio como alternativa cultural e de ocio.

No ámbito das súas competencias, esta Concellería ten entre os seus principais obxectivos a programación de actividades de dinamización sociocultural nos distintos barrios e parroquias da cidade, e en particular o desenvolvemento dunha programación estable vinculada ao calendario cultural tradicional e festivo de interese xeral da cidade, onde existe unha contra-prestación directa para a mesma, tal como a conmemoración da Reconquista.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Así mesmo, conforme os artigos 69 e 72 da Lei 7/1985, corresponde ao Concello favorecer o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da cidadanía e o impulso da participación na xestión da Corporación nos termos que esta establece e sen menoscabo das facultades de decisión que corresponden aos órganos representativos reguladas por lei.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio atenderá ao previsto nos artigos 22.2a) e 28.1 e concordantes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento, así como os artigos 26.1 e 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia, toda vez que a organización desta festividade nas edicións anteriores vén estando a cargo da Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, que ostenta os dereitos de representación da marca en exclusiva.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003 e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

Este convenio prevé unha dotación de 60.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.480.0001 (Convenio Reconquista) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio, a favor da Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, suxeito ao cumprimento pola mesma dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social expostas nas obrigas pactadas en convenio. O Concello non asume máis obrigas respecto a esta actividade.

Pola súa banda, a entidade encargárase da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 240.660,00 euros, sendo que as partidas subvencionadas polo Concello (atrezzo, infraestruturas, demostracións de oficios, exposición, seguridade, palcos, porta da Gamboa, electricidade, pirotécnica, son, iluminación e promoción) ascenden a 60.000,00 euros. Desta forma, a entidade asume a organización das actividades e todas as xestións necesarias para a contratación dos participantes nas mesmas, entre eles o seguro que cubra a responsabilidade civil fronte a terceiros, así como a elaboración dun Plan de Autoprotección para o evento.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultada a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio, ao amparo do Decreto de



Concello de Vigo

delegación de competencias da Alcaldía en virtude do decreto de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015. Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira da Área de Festas e Turismo e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

1º.- Que se aprobe o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, CIF B-36.645.885, para a organización da Festa da Reconquista 2018, que terá lugar os vindeiros 7 e 8 de abril.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 60.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da Agrupación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.480.0001 (Convenio Reconquista) do programa de Festas para o vixente exercicio.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROPOSTA DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DA RECONQUISTA 2018.

Na Casa do Concello de Vigo, a de de dous mil dezaioito.

REUNIDOS

Dunha parte, dona ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ, na súa calidade de CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE FESTAS E TURISMO DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.

Doutra, don FERNANDO MOREIRAS CORRAL como PRESIDENTE e en representación da ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO VIGO, CIF nº B-36.645.885 e enderezo social na rúa Oliva nº 20 Vigo, representación que se desprende da documentación que figura no expediente nº 6782/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- A Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, xunto co Concello de Vigo, vén organizando desde o ano 1994 a Festa da Reconquista, no centro da cidade de Vigo, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns e de difusión da cidade en diversos medios de comunicación, estando en condicións de organizar a presente edición, conforme ao Programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos no Anexo deste Convenio.

II.- A marca “Festa da Reconquista” atópase rexistrada na Oficina española de Patentes y Marcas a nome da Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo.

III.- A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola entidade.

IV.- O Servizo de festas ten como un dos seus principais obxectivos a dinamización sociocultural dos distintos barrios, como elemento clave para a participación das súas veciñas e veciños, e en especial naquelas celebracións relevantes para toda a cidade como é a Reconquista de Vigo.

V. A celebración da Reconquista supón unha importante labor de revitalización do barrio histórico da cidade, mediante a organización de diferentes actividades lúdicas cunha notábel participación da cidadanía e converténdose nun acto de referencia no calendario cultural municipal.

VI. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.480.0001, prevé a concesión dunha subvención por importe de 60.000,00 (sesenta mil) euros, para a organización da Festa da Reconquista. Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dunha festa de grande arraigo na cidade. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da referida entidade, que ostenta os dereitos de uso da marca. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

VII.- Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a programación, organización e execución da FESTA DA RECONQUISTA 2018 que se desenvolverá os días 7 e 8 de abril, polo barrio histórico da cidade.

VIII.- O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

IX.- Que o réxime xurídico de aplicación do presente convenio atenderá ao previsto nos artigos 22.2.a e 28.1 e concordantes da Lei 38/2003 e o seu regulamento de desenvolvemento, así como os artigos 26.1 e 26.2 da Lei de Galicia 9/2007. Así como a Lei 40/2015 de 1 de outubro. Que

X.- O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

XI.- A ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO VIGO non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 7212/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO VIGO, o CONCELLO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS



Concello de Vigo

Primeiro.- O obxecto do presente convenio é establecer a relación entre a ENTIDADE e o CONCELLO para a organización conxunta dunha programación conmemorativa da FESTA DA RECONQUISTA 2018, que incluírá as actividades que figuran no Anexo do convenio e que persegue como principais fins:

- Dar a coñecer parte da historia da cidade de Vigo;
- Fomentar a participación das xentes dunha forma lúdica.
- Dinamizar cultural e socialmente o barrio histórico da cidade.
- Recoñecer o barrio histórico como alternativa cultural e de ocio.

Segundo. - A ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO comprométese a organización da Festa da Reconquista 2018, que terá lugar no barrio histórico da cidade os días 7 e 8 de abril de 2018, conforme ao Programa recollido no Anexo deste Convenio, e concretamente a:

- 1º.- Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no expediente.
- 2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, recollidos no Anexo II.
- 3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto; dotar de material necesario co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.
- 4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.
- 5º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.
- 6º.- Editar o material gráfico para a difusión das actividades e achegar un mínimo de 50 exemplares á Concellería de Festas e Turismo dez días antes do comezo do evento; este material terá que ser supervisado antes da súa edición polo persoal técnico do Servizo de Festas e terá que incluír o logotipo do Concello de Vigo, como patrocinador do programa . Ademais a ENTIDADE terá que dar a adecuada publicidade e difusión da actividade, facendo mención desta colaboración en toda a difusión que realice a través dos medios de comunicación.
- 7º.- Coordinar co departamento de prensa do Concello todas as presentacións e roldas de prensa previstas no obxecto deste convenio e do seu desenvolvemento.
- 8º.- Aboar as taxas, impostos e todos os demais gastos derivados da realización das actividades, incluíndo a xestión e aboamento da cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación.
- 9º.- Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil nº 3RG361000634 de GENERALI ESPAÑA, S.A. de Seguros y Reaseguros,, que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento; a ENTIDADE entrega ao CONCELLO copia da póliza, que se achega ao expediente.
- 10º.- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo. O antedito Plan de Autoprotección terá que ser presentado no servizo de Seguridade previo á autorización de ocupación de vía pública.

11º.- Todo o material elaborado con cargo ao presuposto do convenio para a representación da Reconquista 2018 (traxes, porta da Gamboa, fusiles, bandeiras, pendóns, etc) é propiedade do Concello de Vigo. Unha vez finalizada a presentación terá que ser depositado, en perfecto estado de conservación e limpeza, nun lugar a determinar pola Concellería de Festas e Turismo.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Terceiro.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º- Conceder directamente á ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO VIGO, unha subvención por importe de 60.000,00 euros, co obxecto de coadruar ao financiamento da programación, organización e execución da Festa da Reconquista 2018. Para edicións posteriores, as achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Cuarto.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Quinto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto terceiro deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES96 2080 5045 8930 4001 0210, da entidade bancaria ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Sexto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sétimo.- A entidades beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un porcentaxe máximo do 65% do importe da actividade subvencionada.

Oitavo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Noveno.- En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración



Concello de Vigo

do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Décimo.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO VIGO, está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

A beneficiaria, deberá xustificar antes do 1 de novembro de 2018, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

- a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.
- b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:
 - Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
 - Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
 - Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
 - As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter

os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo primeiro.- No caso de que a ENTIDADE se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sétimo.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

Décimo oitavo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2018 e non será prorrogábel.

Décimo noveno.- A concelleira delegada de Festas e Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.



Concello de Vigo

Vixésimo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo primeiro.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo segundo.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto.

Vixésimo terceiro.- A ENTIDADE deberá cumprir estritamente co Plan de Autoprotección contratado, controlando a afluencia de público aos diferentes espazos da festa e respetando os seus aforos. Así mesmo, velará por que todos os ocupantes dos postos do mercado tradicional cumpran co Plan de Autoprotección, debendo ter especial coidado na ubicación destes postos e nos espazos de evacuación que se recomenden en caso de emerxencia.

Vixésimo cuarto.- En relación aos postos do mercado tradicional, a ENTIDADE velará porque o persoal, os produtos e utensilios que se expoñan en cada posto respecten as normas sobre hixiene, seguridade e demais disposicións impostas pola lexislación vixente. Igualmente, asegurarse de que os postos que expendan bebidas alcohólicas expoñan en lugar perfectamente visible para o público a prohibición de venda de bebidas alcohólicas a menores de idade, en cumprimento da Lei de Galicia 11/2010, de 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas a menores de idade.

Vixésimo quinto.- En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Vixésimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; Así como a Lei 40/2015 de 1 de outubro, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

A concelleira delegada da
Área de Festas e Turismo
Ana Laura Iglesias González

O presidente da Asociación veciñal
e cultural Casco Vello Vigo
Fernando Moreiras Corral

13(308).- PLAN DE FORMACIÓN 2018. EXPTE. 31221/220

Dáse conta do informe-proposta de data 23/03/18, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e o concelleiro-delegado de Persoal:

ANTECEDENTES

1.- Por Resolución da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 26/12/2016 (expediente nº 29.160/220) acordouse incoar expediente administrativo para a planificación e dirección estratéxica da formación, con elaboración da Estratexia de Formación do Concello de Vigo, designando como instrutora do expediente administrativo á funcionaria municipal D^a María Dapena Gómez, Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, así como constituir a tal efecto, dous grupos de traballo encargados da planificación, desenvolvemento e xestión da formación no Concello de Vigo:

- o Grupo Técnico de Planificación e Dirección da Formación,
- o Grupo Técnico de Desenvolvemento e Xestión da Formación.

Aos efectos de garantir a participación da representación sindical dos traballadores na actividade que se desenvolva polos grupos de traballo, dispónse que terán a condición de invitados no grupo técnico de desenvolvemento e xestión 2 representantes sindicais que se designen pola Mesa do Comité de Persoal.

2.- As funcións dos devanditos grupos, segundo a citada resolución, son as seguintes:

1.- Grupo Técnico de Planificación e Dirección da Formación:

-Estudio, impulso, dirección, debate e articulación práctica dos procedementos Administrativos necesarios para a implementación e materialización práctica das actividades de planificación e dirección da formación do persoal ao servizo do Concello de Vigo.

-Estudio, debate e elaboración da Estratexia de Formación ou Plan Estratéxico de Formación do persoal ao servizo do Concello de Vigo, presentando os documentos na Comisión de Formación.

-Seguemento e calendarización da xestión e desenvolvemento da formación.

-Interlocución coa Comisión de Formación, plantexando a reorientación da actividade da mesma.

-Dirección, supervisión e coordinación da actividade do Grupo Técnico de Desenvolvemento e Xestión da Formación.



Concello de Vigo

-Interlocución e debate coa representación sindical dos empregados/as públicos municipais no marco do desenvolvemento do proceso, sen prexuízo das competencias legalmente atribuídas á Mesa Xeral de Negociación.

-Emisión de informe nos supostos nos cales os órganos municipais competentes así o soliciten en relación cos traballos encomendados e as súas incidencias.

-Coordinar, planificar e supervisar a formación que se desenvolve en ámbitos específicos (policía local, efectivos destinados no Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento (SEIS) ou formación en materia de prevención de riscos laborais)

-Informar á Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal da actividade desenvolvida polos dous grupos, sempre que así se demande por ésta, e en calquera caso, con periodicidade trimestral.

-Calquera outra de análogo contido que lle sexa expresamente atribuída pola concellería competente en materia de persoal.

2.- Grupo Técnico de Desenvolvemento e Xestión da Formación:

Funcionará baixo a dirección do Grupo Técnico de Planificación e Dirección da Formación, e terá por funcións as seguintes:

-Xestionar de xeito directo a posta en marcha das actividades formativas e as súas incidencias inherentes contidas na Estratexia de Formación, incluídas a xestión e tramitación dos expedientes administrativos derivados e da posta en marcha das ferramentas TIC necesarias ao efecto.

-Desenvolver os procesos e procedementos necesarios para a materialización práctica da Estratexia de Formación.

-Debatir coa representación sindical designada pola Mesa do Comité, a xestión da formación.

-Prestar apoio técnico especializado ao Grupo Técnico de Planificación e Dirección da Formación, e celebrar as sesións de traballo conxuntas que así se convoquen.

-Calquera outra relacionada coa xestión e desenvolvemento da formación que lle sexa expresamente atribuída pola concellería competente en materia de persoal ou polo Grupo Técnico de Planificación e Dirección da Formación.

3.- Así, e como consecuencia do traballo efectuado polo Grupo Técnico de Planificación e Dirección da Formación, a Xunta de Goberno Local acordou a aprobación dos seguintes documentos:

- **Marco Estratéxico da Formación do Concello de Vigo** (expediente n.º 29.922/220) aprobado o 18/05/2017.

- **Estudio de detección de necesidades formativas e designación de responsables operativos de procesos** (expediente n.º 30.867/220) aprobado o 28/12/2017.

4.- Estando incluído dentro dos obxectivos estratéxicos para o ano 2018 a aprobación do Plan de Formación 2018 antes do 31/03/2018, procedeuse ao inicio do ano á articulación dos traballos no seo dos dous Grupos técnicos constituídos.

Así, tendo sido debatidas nas sesión de traballo conxuntas o contido de ambos grupos, elabórase o documento para a previa aprobación pola Comisión Paritaria de Formación e posteriormente, pola Xunta de Goberno Local, a fin de poder ofertar ao persoal as actividades formativas previstas nos prazos fixados no Marco Estratéxico de Formación.

5.- En sesión de data 22/03/2018, e previa a convocatoria ao efecto, a Comisión Paritaria de Formación do Concello acordou dictaminar favorablemente a proposta de Plan de Formación para o ano 2018, derivada dos traballos desenvolto nos grupos técnicos de formación.

MOTIVACIÓN

I. LEGAL:

Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP):

-Artigo 14:

“Los empleados públicos tienen los siguientes derechos de carácter individual en correspondencia con la naturaleza jurídica de su relación de servicio:

b) Al desempeño efectivo de las funciones o tareas propias de su condición profesional y de acuerdo con la progresión alcanzada en su carrera profesional.

c) A la progresión en la carrera profesional y promoción interna según principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad mediante la implantación de sistemas objetivos y transparentes de evaluación.

e) A participar en la consecución de los objetivos atribuidos a la unidad donde preste sus servicios y a ser informado por sus superiores de las tareas a desarrollar.

g) A la formación continua y a la actualización permanente de sus conocimientos y capacidades profesionales, preferentemente en horario laboral.”

-Artigo 54- Principios de conducta dos empregados/as públicos:

“8. Mantendrán actualizada su formación y cualificación.”

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local: artigo 4:

“1. En su calidad de Administraciones públicas de carácter territorial, y dentro de la esfera de sus competencias, corresponden en todo caso a los municipios, las provincias y las islas:

a) Las potestades reglamentaria y de autoorganización.

c) La potestad de programación o planificación.”

II.- ASPECTOS TÉCNICOS:

O Plan de formación Anual para o 2018 divídese en **programas de formación e programas de capacitación**, desenvolvéndose consonte ás seguintes previsións:



Concello de Vigo

1.- As accións formativas de capacitación terán lugar preferentemente dentro da xornada laboral. No caso do S.E.I.S. ,proponse que dúas xornadas de traballo (24 horas) se destinen á realización das actividades de capacitación.

Inclúense no Plan todas as accións formativas financiadas con cargo aos orzamentos do Concello de Vigo, así coma aqueles outros que se realicen con cargo a subvención da EGAP.

2.- A convocatoria dos cursos realizarase a través do programa de xestión dos cursos de formación, ao igual que as comunicacións de admisión nos mesmos.

Na convocatoria xeral inicial do Plan de Formacion incluíranse todas as accións formativas propostas para o ano 2018, ao obxecto de coñecer a demanda que existe para cada actividade por parte dos traballadores municipais. No caso de existir actividades formativas que non acaden un mínimo de 20 solicitudes con prioridade entre 1 e 5, estas serán anuladas (non se realizarán), podendo ser substituídas por outra acción formativa ou por unha nova edición daqueles cursos con maior demanda.

3.- No plan de formación para o ano 2018, poderán participar todos os/as empregados/as públicos municipais do Concello de Vigo que á data da convocatoria manteñan relación de servizo ou laboral coa entidade, ao igual que o persoal das entidades locais adheridas ao Plan de formación agrupado MAIV-Concello de Vigo, sempre e cando manteñan vínculo de servizo ou laboral coa entidade local de procedencia.

4.- Os/as participantes serán seleccionados segundo os criterios previstos nas convocatorias de cada unha das accións formativas, respetando en todo momento os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

Os criterios xerais a seguir para a selección dos asistentes serán:

- Axuste ao perfil do persoal destinatario
- Relación co posto de traballo.
- Orde de prioridade establecido na solicitude.
- Situación de servizo/laboral.

Así mesmo, será penalizado, de cara á posterior admisión noutros cursos, o abandono inxustificable nunha actividade formativa.

6.- Para a obtención do certificado de asistencia será imprescindible a asistencia ao 85% das clases presenciais. No caso da formación semipresencial, ademais da asistencia obrigatoria as sesións presenciais, esixirase a realización dos exercicios prácticos, probas de coñecemento ou avaliacións que así se especifiquen en cada caso. No caso de formación on-line, será necesaria a superación da totalidade de módulos que compoñen a acción formativa así como a realización dos exercicios prácticos, probas de coñecemento ou avaliacións que, en cada caso, se indiquen.

7.- Obrigas específicas esixidas aos formadores

Para a impartición de todos os cursos do Plan de Formacion 2018 que inclúan parte práctica real con equipos, ferramentas e/ou maquinarias así como cursos "onjob" -job training-, xa sexan impartidos por funcionarios ou formadores internos como por empresas de formación ás que se lle encargue a realización da actividade, será necesario presentar inexcusablemente:

a) Curriculum vitae do formador/a no que se especifiquen, entre outros aspectos:

- A formación académica, que deberá ser adecuada ao contido do curso.
- A formación complementaria (cursos, xornadas, etc.) relacionada coa área de coñecemento do curso.
- Cursos de metodoloxía na formación e formación para adultos ou metodoloxía didáctica (CAP, Formador de Formadores, Formador ocupacional,...)
- Experiencia laboral directamente relacionada coa materia del curso.
- Experiencia docente relacionada coas materias a impartir.

O recurso a formadores/as internos/as será prioritario e preferente fronte ao recurso á contratación externa, á cal só se recurrirá ante a ausencia de formadores/as internos/As debidamente capacitados/as ou cualificados/as ou no supostos no cal pola especificidade da materia ou pola infraestrutura necesaria para o desenvolvemento da actividade formativa sexa necesario recurrir á contratación de formadores/as externos/as.

No caso de contratación da actividade formativa con empresas, antes do inicio da actividade formativa, a empresa ou entidade contratada para impartir a formación deberá xustificar o cumprimento das obrigas derivadas do RD 171/2004, de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais. A tal fin deberán seguir o establecido na Guía de Coordinación de Actividades Empresariais do Concello de Vigo, aprobada por acordo plenario de data 29/11/2010, e publicada no BOP de 29/03/2011.

8.- Ao obxecto de asegurar a calidade, efectividade e eficacia da formación e a mellora da programación, á finalización da acción formativa realizarase unha enquisa de avaliación entre todos os/as participantes co fin de coñecer a súa opinión sobre distintos aspectos do curso. Asimesmo, realizarase un cuestionario de avaliación do curso ao formador/a, co fin de dispoñer de información mais completa sobre o desenvolvemento da acción. A análise da información obtida a través das enquisas en canto á realización, ao desenvolvemento, aos resultados obtidos e á xestión do mesmo será abordada no seo dos traballos que desenvolven os grupos técnicos de formación.

III.- AUSENCIA DE CONTIDO ECONÓMICO DA PROPOSTA DE ACORDO:

A presente proposta non resulta susceptible de cuantificación exacta, debido á circunstancia de que a execución de cada unha das diferentes accións formativas levará aparellada a tramitación do correspondente expediente de gasto, que será obxecto da preceptiva fiscalización previa.

Adicionalmente, a realización ou non dun curso estará en función do número de alumnos/as, cuxa determinación neste momento resulta imposible, ao non atoparse aprobado o plan e, conseguintemente, tampouco as convocatorias e prazos de inscrición.

Por tanto, enténdese que non resultaría preceptiva a fiscalización previa da proposta de acordo pola Intervención Xeral, nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao non ser susceptible de determinación a efectiva produción dun gasto futuro.



Concello de Vigo

IV.- NEGOCIACIÓN COLECTIVA E DICTAME DA COMISIÓN PARITARIA DE FORMACIÓN:

Ditas accións formativas foron debatidas na reunión da Comisión Paritaria de Formación (art. 42 do vixente Acordo Regulador) en sesión de data 22/03/2018, toda vez que, tal e como se contempla no artigo 37 do TREBEP, están suxeitas á obriga de negociación colectiva os plans de formación e a distribución dos fondos asignados á mesma; sendo éste o órgano previsto no Concello de Vigo a tal efecto, e obrando incorporada a testemuña da dita reunión ao presente expediente administrativo.

Polo tanto, vistas as consideracións expostas, e de conformidade co establecido no artigo 127.1, apartados g) e h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e coa conformidade do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, sométese ao criterio da Xunta de Goberno Local, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**

“PRIMEIRO.- Aprobar o Plan de Formación do Concello de Vigo para o ano 2018, de conformidade cos antecedentes e motivacións expostos no informe-proposta que antecede, que obra contido no **Anexo I** do presente acordo, formando parte inseparable do mesmo.

SEGUNDO.- Habilitar ao Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica para a modificación, designación, anulación ou determinación de suplencias en canto aos responsables operativos de procesos designados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/12/2017 (expediente n.º 30.867/220) ao tratarse do exercicio de competencias delegadas no dito órgano por Acordos da XGL de 19/06/2015 e 30/12/2016.

TERCEIRO.- Ordenar a inserción do presente acordo na Intranet municipal para público coñecemento de todo o persoal municipal e dos cargos públicos municipais, así como da representación sindical dos empregados/as públicos municipais, notificando por vía electrónica o mesmo ao Comité de Persoal, nos termos do comunicado á mesa xeral de negociación o 21/04/2016; aos membros dos grupos técnicos de formación constituídos por resolucións de datas 26/21/2016, 26/12/2017 e 05/03/2018, e notificando igualmente ao Presidente/a da Comisión de Formación do Concello.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

PLAN DE FORMACIÓN DO CONCELLO DE VIGO 2018

FORMACIÓN OBRIGATORIA

Actividade formativa	Modalidade	Horas	Prazas	Destinatarios
A nova lei de contratos (para xefaturas de áreas e servizo)	On line	16	--	Xefes área e ss
Xestión de expedientes (formación básica)	On line	10	--	Todo o persoal
Esquema nacional de seguridade (ENS)	On line	8	--	Todo o persoal
Protección de datos	On line	10	--	Todo o persoal



Concello de Vigo

FORMACIÓN VOLUNTARIA PARA TODO O PERSOAL

Formación en materia de Administración pública (xurídico-procedemental)

Actividade formativa	Modalidade	Horas	Prazas	Destinatarios
A nova lei de contratos do sector publico	On line	30	25	C1-C2
A nova lei de contratos do sector publico	On line	30	25	A1-A2
Xornada informativa sobre a nova lei de contratos do sector público	Presencial	5	50	Todo o persoal
Protección de datos nas entidades locais: aspectos xerais	On line	20	25	Todo o persoal
Procedemento administrativo e réxime xurídico das Administracións Públicas (Adaptación ás Leis 39 e 40/2015)	On line	25	25	C1 - C2 - E
Curso práctico de procedemento administrativo electrónico. Sinatura electrónica	On line	30	25	Todo o persoal
Transparencia e acceso á información pública. O portal de transparencia	On line	20	25	C1 - C2 - E
Transparencia e acceso á información pública. O portal de transparencia	On line	30	25	A1-A2
A condición de empregado público: Dereitos, obrigas e situacións administrativas. Réxime de responsabilidades e alcance	On line	25	25	Todo o persoal
Avaliación da calidade nos servizos públicos. Procesos e procedementos	Presencial	30	25	A1-A2
O funcionamento dos órganos de selección nas entidades locais: aspectos xerais, incidencias de desenvolvemento dos procesos selectivos e responsabilidades dos seus membros.	Semipresencial	20	25	Todo o persoal
Xestión Económica e orzamentaria	Semipresencial	30	25	A1-A2

Formación en informática e novas tecnoloxías

Actividade formativa	Modalidade	Horas	Prazas	Destinatarios
Ofimática. Libre office (básico)	On line	40	30	Todo o persoal
Sinatura electrónica (curso básico de autoformación)	On line	3	25	Todo o persoal

Formación en habilidades de comunicación e atención ao cidadán

Actividade formativa	Modalidade	Horas	Prazas	Destinatarios
Atención ao cidadán: técnicas e habilidades de comunicación persoal	Semipresencial	20	25	Todo o persoal
Manexo de situacións de risco na atención directa aos cidadáns	On line	20	25	Todo o persoal

Formación en organización, recursos humanos e igualdade

Actividade formativa	Modalidade	Horas	Prazas	Destinatarios
Técnicas para a resolución de conflitos, traballo en equipo e negociación	Semipresencial	25	25	A1- A2

Prevenção do acoso laboral e sexual no traballo	Presencial	12	25	Todo o persoal
Iniciación ás políticas de xénero	On line	20	25	Todo o persoal
Técnicas para a xestión e organización racional do tempo de traballo	Presencial	20	25	Todo o persoal

FORMACIÓN ESPECÍFICA PARA DETERMINADOS COLECTIVOS:

Formación SEIS:

Actividade formativa	Edicións	Horas/edición	Prazas/edición	Prazas totais	Destinatarios
Hidráulica para bombeiro especialista	5	8	12	60	Todo o persoal SEIS
Curso de excarceramento	1	21	14	14	Todo o persoal SEIS
Curso de manexo de autoescadas. Nivel 2	1	12	10	10	Condutores bombeiros
Formación novo ingreso bombeiros (inclúe 5 formacións)	1		10	10	Bombeiros NI
Formación novo ingreso condutores bombeiros (inclúe 6 formacións)	1		2	2	Condutores NI
Formación novo ingreso mandos (inclúe 2 formacións)	1		2	2	Mandos NI

Formación específica para outros colectivos:

Actividade formativa	Modalidade	Horas	Prazas	Destinatarios
Formación cuidadores Vigozoo: Nocións básicas de etoloxía. Animais en cautividade. Socialización	Presencial	30	20	Persoal Vigozoo
Xulgado: casos prácticos relacionados con servizos sociais	Presencial	20	20	Persoal Benestar
Diagnóstico social	Presencial	25	20	Persoal Benestar

ACCIÓNS FORMATIVAS DE RESERVA:

Actividade formativa	Modalidade	Horas	Prazas	Destinatarios
Inglés na administración local	On line	80	30	Todo o persoal
Goberno aberto e participación cidadá. Novos modelos de xestión pública	Presencial	20	25	A1-A2
Procedemento administrativo e réxime xurídico das Administracións Públicas (Adaptación ás Leis 39 e 40/2015)	On line	30	25	A1-A2
Traballo en equipo e dinámicas grupais	Semipresencial	25	25	Todo o persoal
Recursos informáticos para a lingua galega	On line	25	25	Todo o persoal
Organización do traballo administrativo	On line	20	25	C1 - C2 - E
Redacción e elaboración de informes e documentos	On line	25	25	C1- C2
Técnicas de xestión de documentos e arquivos electrónicos	On line	25	25	Todo o persoal
Linguaxe básica de signos	Presencial	30	20	Todo o persoal



Concello de Vigo

Ofimática. Libre office (avanzado)	On line	40	25	Todo o persoal
Xestión do estrés en entornos laborais	Presencial	20	25	C1/C2/E
Mindfulness e a súa aplicación na atención aos cidadáns	On line	16	25	C1 - C2 - E
Lei 4/2017 de benestar animal	Semipresencial	15	25	Persoal MA / zoo
Reciclaxe na condución. Condución segura	Presencial	12	15	Todo o persoal
Habilidades sociais con persoas con trastorno mental	Presencial	20	20	Persoal Benestar
Formación cuidadores Vigozoo: Nocións básicas botánica aplicada a zoos	Presencial	25	20	Persoal zoo
Formación cuidadores Vigozoo: Métodos de captura, suxeición e marcaxe. EPIs e o seu uso	Presencial	20	20	Persoal zoo
Coidado e manexo de aves. Técnicas de cetrería	Presencial	16	15	Persoal zoo
Inmigración: coñecementos básicos para a intervención social	Semipresencial	25	20	Persoal Benestar
Curso de rescate acuático superficial	Presencial	21	30	Persoal SEIS
Rescate en altura (5 edicións)	Presencial	8	60	Persoal SEIS
Curso de mercadorías perigosas	Presencial	21	18	Condutores SEIS

14(309).- CORRECCIÓN DO ERRO MATERIAL NAS BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO DA BOLSA DE EMPREGO PÚBLICO DE OFICIAL CONDUTOR. EXPTE. 31672/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23/03/18, dáse conta do informe-proposta do 20/03/18, da técnica de Admón. Xeral de Recursos Humanos, conformado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 25 de xaneiro de 2018, aprobou as bases reitoras e convocatoria do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos previstos no art.10.1 do RDL 5/2015, do 30 de outubro, TREBEP, como Oficial condutor (expdte 31121/220), que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº42 de data 28 de febreiro de 2018.

No apartado IV das bases (Fase de Oposición. Terceiro exercicio) establecíase “Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que manifesten ou acrediten posuír o título CELGA 3 ou equivalente homologado...”.

Detectado erro material no senso de que faise referencia ao título CELGA 3, e segundo establece o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas polo que as Administracións Públicas, tanto de oficio como a instancia de parte, poderán en calquera momento rectificar os erros materiais, aritméticos ou de feito existentes nos seus propios actos, debe procederse á corrección do dito erro. Deste xeito, deberá contar coa seguinte redacción: “Estarán exentos da realización deste exercicio

os/as aspirantes que manifesten ou acrediten posuír o título **CELGA 2** ou equivalente homologado...”.

En consecuencia, á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, pola técnica de administración xeral que subscribe, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Proceder, de conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, á corrección do erro material do apartado do apartado IV das bases e convocatoria da bolsa de emprego público de Oficial Conductor, que pasa a contar coa seguinte redacción “Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que manifesten ou acrediten posuír o título **CELGA 2** ou equivalente homologado...”.

Segundo.- Acordar que o novo prazo de presentación de instancias será de 10 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Serán admitidas como válidas, as solicitudes presentadas conforme ao establecido no acordo de data 25 de xaneiro de 2018 que agora se rectifica.

Segundo.- Acordar que as referidas rectificacións se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(310).- CORRECCIÓN ERRO MATERIAL ANUNCIO BOP, OEP 2014, 2015 E 2016. EXPTE. 31706/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27/03/18, dáse conta do informe-proposta do 27/03/18, da técnica de Admón. Xeral de Recursos Humanos, conformado pola xefa da área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 21 de marzo de 2018, aprobou as bases reitoras e convocatoria dos procesos selectivos destinados á execución



Concello de Vigo

das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2014, 2015 e 2016, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 60 de data 26 de marzo de 2018.

No apartado III das Bases específicas da praza de Técnico/a medio/a de Sistemas (“Sistema de selección”) sinalábase “Establécese o de concurso oposición para promoción interna, entre o persoal integrado na escala de Administración xeral, subescala administrativa de admón. xeral. Subgrupo C1 de titulación,...”.

Detectado erro material no senso de que faise referencia á escala de Administración xeral, subescala administrativa de admón xeral, e segundo establece o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas polo que as Administracións Públicas, tanto de oficio como a instancia de parte, poderán en calquera momento rectificar os erros materiais, aritméticos ou de feito existentes nos seus propios actos, debe procederse á corrección do dito erro. Deste xeito, deberá contar coa seguinte redacción: “Establécese o de concurso-oposición para promoción interna, entre o persoal integrado na **escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase, cometidos especiais**, subgrupo C1 de titulación, que contendo menos cunha antigüidade de dous anos no corpo, escala ou subescala de orixe.”.

En consecuencia, á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, pola técnica de administración xeral que subscribe, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Proceder, de conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, á corrección do erro material do apartado III das bases específicas da praza de Técnico/a medio/a de Sistemas, que pasa a contar coa seguinte redacción “Establécese o de concurso-oposición para promoción interna, entre o persoal integrado na **escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase, cometidos especiais**, subgrupo C1 de titulación, que contendo menos cunha antigüidade de dous anos no corpo, escala ou subescala de orixe.”.

Segundo.- Acordar que as referidas rectificacións se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, no Diario Oficial de Galicia e no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, sen prexuízo da publicación do seu anuncio nos diarios e boletíns oficiais en que proceda e na páxina web municipal www.vigo.org”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(311).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS OFICIAIS DE INSTALACIÓNS, BAIXO A MODALIDADE 10.1.D, DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE CONSERXERÍA. EXPTE. 31463/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27/03/18, dáse conta do informe-proposta de data 23/03/18, da técnica de Admon. Xeral de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 12/02/2018, o Xefe do Servizo de Conserxería, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de entre outros 2 oficiais de instalacións, por mor da situación existente, e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 14/02/2018, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de sete oficiais de instalacións, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 21/03/2018, emítese polo Técnico de Organización e Planificación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:



Concello de Vigo

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (...)** Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública."*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del***

ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 300- oficial instalacións municipais), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá



Concello de Vigo

ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito do Xefe da Conserxería, de data 12/02/2018, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 14/02/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido pola Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de dous oficiais de instalacións municipais para o Servizo de Conserxería, supón un gasto de **23.434,24 €**, ao que haberá que engadirse a cantidade de **8.576,88 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de oficial de instalacións municipais, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D. César Casalini Gutiérrez, con DNI ****086-F** e **D. Javier Iglesias Rodríguez, con DNI ****672-L**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Todos eles aceptaron expresamente mediante escritos de data 07 e 08/03/2018, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dous funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **oficiais de instalacións municipais** ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Conserxería, contidas no escrito do 12/02/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **23.434,24 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D. César Casalini Gutiérrez, con DNI *****086-F** e **D. Javier Iglesias Rodríguez, con DNI *****672-L**, na súa condición de seguintes aspirantes na lista, que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 300- oficial instalacións), sendo adscritos/as ao Servizo de Conserxería, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.



Concello de Vigo

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, ao Xefe do Servizo de Conserxería, Xefa da Área de Réxime Interior, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e cincuenta e un minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez